

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de xaneiro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e sete de xaneiro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(54).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 13 de xaneiro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(55).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE ALCALDÍA NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2016. EXPTE. 14732/101.

Dáse conta do informe de data 9/01/17, asinado pola xefa da Area de Xestión Patrimonial e Territorial, en funcións de sinatura técnica superior no ámbito da Unidade administrativa de Alcaldía, e polo concelleiro de Xestión municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, que di o seguinte:

En cumprimento da instrución da base 31º de execución do orzamento en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados pola Alcaldía, no terceiro trimestre do ano 2016.

EXPTE.	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACION	IMPORTE	TERCEIRO
14455-101	11.10.16	Traballos técnicos para deseños, produccions, creatividade	912.0.227.99.10	96273	10.000 €	Alcaldía
14456-101	11.10.16	Información de interese para o colectivo "terceira idade"	912.0.226.02.00	96274	7.322,31 €	Faro de Vigo Sau; Rías Baixas Comunicación SA
14476-101	20.12.16	Servicios técnicos de instalacións na Casa das Artes e impresións para a constitución do Pleno da Área metropolitana de Vigo	912.0.227.99.10	120292	13.939,20 €	Ecovigo Publicidad SL; Corporación de Comunicaciones SL
14490-101	03.11.16	Celebración XXV aniversario da estatua "O Sireno"	912.1.226.02.01	104826	9.310,95 €	Faro de Vigo Sau
14525-101	14.11.16	Organización do XXV Concurso Ornitolóxico Cidade de Vigo	912.1.227.99.10	118104	2.000 €	Unión Ornitolóxica de Vigo
14535-101	18.11.16	Gastos de representación: agasallos, actuacións, reportaxes fotográficas	912.0.226.01.00	118022	17.999 C	Alcaldía
14544-101	24.11.16	Asistencia técnica para análise da actividade coral na cidade de Vigo	912.0.227.99.10	118088	4235 C	START ME UP 0016 S.L
14545-101	24.11.16	Celebración do "Día Internacional contra a violencia de xénero"	912.1.226.02..00	118023	10.043 C	Faro de Vigo SAU; Rías Baixas de Comunicación SA
14546-101	25.11.16	Elaboración do calendario institucional 2017	912.0.227.99.10	119043	21.465,40 C	Ecovigo Publicidad SL
14548-101	25.11.16	Concertos do 5º Festival Homenaxe a Rey Rivero	912.0.226.09.01	120172	17.900 C	Asociación de Coraís Polifónicas de Vigo
14552-101	29.11.16	Bando institucional do día da Constitución	912.1.226.02..00	120295	12.068,24 C	Ecovigo Publicidad SL
14553-101	29.11.16	Servizos de grabación i emisión en televisión da celebración do día da Constitución	912.1.226.02.01	121731	12.100 C	Iniciativas Audiovisuales SLU
14554-101	29.11.16	Felicitacións a través dos medios de comunicación ós cidadáns das Festas de nadal e Fin de Ano	912.1.226.02.01	128876	11.059,40 C	Faro de Vigo SAU
14555-101	30.11.16	Aluguer de equipos de megafonía para a Sala na que se celebre o Pleno de Constitución da Área Metropolitana de Vigo	912.0.205.00.00	120294	1.288,65 C	Spica S-L
14588-101	07.12.16	Campaña de información sobre o "SERVIZO CUIDADORES DO BARRIO"	912.1.226.02..00	126735	10.000 C	Rías Baixas de Comunicación SA
14596-101	13.12.16	Insercións publicitarias xerais e obrigatorias "Concello Informa" en medios de comunicación	912.1.226.02.03	124405	9.778 C	Alcaldía
14603-101	15.12.16	Concertos do III VIFOLK	912.0.226.09.01	124418	7.352 C	Sonido Collazo S.L, AVIOUGA SL, Asociación Folclórica e Cultural Andarela, Asociación cultural TRASPES e Asociación Folclórica ALGARABIA
14604-101	15.12.16	Talleres infantís a celebrar entre o 20 e 24 de decembro en Navia e montaxe e desmontaxe de carpa	912.0.227.99.10	124664	18.997 C	Bíglab S.L
14608-101	15.12.16	Inserción de marca no II Congreso Multidisciplinar adicado á infancia	912.1.226.02..00	127404	6.050 C	Pepita Tery Producciones S.L
14612-101	16.12.16	Suminsitro de axendas protocolarias 2017	912.0.226.01.00	125998	7443,86 C	Edicións Xerais de Galicia S.A
14647-101	23.12.16	Difusión da programación Festas de Nadal 2016	912.1.226.02.01	128875	21.254,99 C	Faro de Vigo SAU
14649-101	27.12.16	Difusión dos concertos das Festas de Nadal 2016	912.1.226.02.01	130377	17.292,65 C	Radio Vigo SAU

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(56).-RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XGL DO 20/07/2017, DE MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE DELEGACIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIRO-DELEGADOS. EXPTE. 74/1102.

Dáse conta da proposta de data 24/01/17, asinada polo aldalde-presidente e a secretaria do Goberno local, que di o seguinte:

Detectado erro material na redacción do apartado Primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria do 20 de xaneiro de 2017, relativo á aprobación da Proposta de Alcaldía de modificación de réxime de delegacións da Xunta de Goberno Local, concretamente no texto:

2 bis. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a construción de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.

É polo que, en aplicación do art. 105.2 da LPAC e, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal ostenta esta Alcaldía -art. 124.4 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Corrixir o erro material detectado na redacción do acordo da Xunta de Goberno Local de “*Modificación do acordo da X. Goberno Local do 19/06/15, de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados. Expte. 74/1102*”, e polo tanto onde dicía:

“2 bis. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a construción de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.”

Debe dicir:

2 bis. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da

Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; autorizar a emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.

Segundo.- Notificar este acordo aos concelleiros das áreas afectadas e comunicalo aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para xeral coñecemento e efectos, mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no BOP, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación ao abeiro do art. 38 do RD 2568/1986.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(57).-PRÓRROGA DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA MUNICIPAL “EULEN, SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.” EXPTE. 132627/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 10/01/17, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a xefa do Servizo e o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira delegada da Área de Política Social e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. O Concello de Vigo asumiu en exclusiva a partir do exercicio de 2013 a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria das persoas usuarias do Concello de Vigo sen recoñecemento da situación de dependencia; servizo que ata esa data viña prestando a Deputación provincial de Pontevedra con recursos propios e as achegas económicas do IMSERSO e do Concello de Vigo.

I.2. A Xunta de Goberno Local (XGL) do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 19.12.2013 (corrección de erro: XGL 14.02.2014), acordou adjudicar á mercantil “Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.” o procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria (TAD) por un prazo de 2 anos (prorrogable), contado desde o 01.02.2014 por un prezo total de 11,75 € usuario/mes (IVE incl.) e un custo máximo de 155.126,40 € IVE incl. (Exp. nº 82392/301; BOP nº 34, do 19.02.2014).

I.3. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 30.01.2014 (con Anexo do 21.02.2014), prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas. A data efectiva de inicio deste contrato fíxose no 01.02.2014 (cláusula 4).

I.4. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de 2 anos, mediante dúas prórrogas dun ano cada unha, sempre que o contratista non se opuxese á mesma coa antelación estipulada: 5 meses antes da data de vecemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

I.5. Así, a XGL, en sesión ordinaria do 29.01.2016, adoptou o seguinte acordo:

«PRIMEIRO: Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.02.2016 e ata o 31.01.2017, o contrato de servizos de teleasistencia domiciliaria das persoas usuarias do Concello de Vigo sen recoñecemento da situación de dependencia adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 19.12.2013 á mercantil “Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.” (CIF nº A-79022299) e formalizado en documento administrativo o 30.01.2014 (con Anexo do 21.02.2014), de conformidade co previsto no Art. 303.1 do TRLCSP e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 76.554,88 € que representa esta primeira prórroga anual a favor de “Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.”, coa revisión do IPC que proceda, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.11.».

I.6. Tramítase agora o expediente administrativo co nº 132627/301 (2016) do Servizo de Benestar Social e consta nel a seguinte documentación:

- Resolución da Concellería delegada da Área de Política Social do 09.01.2017, ordeando a incoación de expediente administrativo.
- Copia do contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a mercantil “Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.” e (parte) do Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Escrito presentado no Rexistro xeral municipal o 16.12.2016 (doc. nº 160169241) pola representante de “Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.”, D^a. Sofía Currás Guerrero, solicitando a prórroga do contrato.

I.7. Tramitouse no Exp. nº 114883/301 a revisión de prezo deste contrato por efecto da variación (negativa) do IPC no periodo decembro 2013 – xaneiro 2014, que foi aprobada na sesión ordinaria da XGL do 25.09.2015, quedando establecido en 76.554,88 € (11,60 €/mes/usuario, IVE incl.). Posteriormente, a XGL en sesión ordinaria do 27.06.2016 aprobou a redución do prezo de contrato, por efecto do IPC negativo no período xaneiro 2015 – xaneiro 2016 (50% da variación experimentada polo IPC nacional), quedando establecido en 76.440,05 € (11,58€/mes/usuario, IVE incl.), e acordou regularizar, na primeira facturación que se presentase a partir da notificación dese acordo, o importe facturado en exceso desde febreiro de 2016, a razón de -9,57 euros/mes.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.

- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- TRLCSP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

Emítese este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das fendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúsen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE TAD MUNICIPAL: XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptúa que a duración dos contratos do sector público establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas.

III.2.2. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrência para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos, como así sucede neste contrato.

III.2.3. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, a non ser que o contrato expresamente prevese o contrario, sen que poida producirse polo simple consentimento tácito das partes.

III.2.4. Especificamente, sobre a duración dos contratos de servizos, prescribe o Art. 303.1 do TRLCSP que estes non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro (4) anos, coas

condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mútuo acordo das partes antes da finalización daquél, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis (6) anos, e que as prórrogas non superen, aillada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

III.2.5. O contrato formalizado con “Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.” é un contrato administrativo de servizos (Arts. 10, 19, 301 e ss. e Anexo II TRLCSP) adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de dous (2) anos desde a súa data de inicio. Como xa se indicou antes, está expresamente prevista a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

A primeira delas foi acordada xa pola XGL o 29.01.2016, con efectos ata o 31.01.2017, polo que o acordo municipal para unha segunda prórroga deberá producirse necesariamente antes desa data, dado que xuridicamente non resulta posible prorrogar un contrato xa finalizado.

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria, en xeral, a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade deste servizo social de natureza tecnolóxica e carácter normalizador co que se procura a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual.

Xustifícase a súa existencia na necesidade de facilitar unha atención domiciliaria a determinados colectivos especialmente vulnerables como o das persoas maiores, con minusvalías, dificultades de autonomía persoal, carencia de relacións persoais e familiares ou afectados por enfermidades crónicas e outras patoloxías asociadas; situacións que a miúdo veñen acompañadas de sentimentos de soidade, angustia, inseguridade, aillamento, depresión, etc. Trátase con él de mellorar a súa calidade de vida e de permitirlles ás persoas que non necesitan coidados permanentes continuar no seu domicilio habitual e no ámbito no que desenvolveron a súa vida, evitando internamentos innecesarios en centros e coa tranquilidade de que en calquera situación de risco ou emerxencia serán atendidas con dilixencia.

III.3. A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes (incluída a fórmula de revisión de prezos), sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal suscrito o 30.01.2014, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación, a non ser as variacións derivadas das revisións de prezos previstas e aplicables.

III.4. Tampouco non será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada pois, como dixemos, a única variación do prezo prevista será a derivada da aplicación da fórmula de revisión de prezos (cláusula 7 PCAP e Apdo. 4.c] FEC), que non ten a consideración nin, polo tanto, os efectos dunha verdadeira modificación do prezo contrato (Arts. 99.3 e ccdtes. TRLCSP).

III.5. O gasto representado por esta prórroga, que sería de 76.440,05 € (coa revisión do IPC que proceda), podería imputarse, agás indicación noutro sentido da Intervención xeral, á aplicación nº 2310.227.99.11 dos vixentes orzamentos municipais.

III.6. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación, deberá recabarse e achegarse ó expediente o preceptivo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 109.3 e DA 2ª apdo. 8º do TRLCSP e ccdtes., xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado pola prórroga.

III.7. A competencia para aprobar a prórroga deste contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.Adic. 2ª TRLCSP).

IV. CONCLUSIÓNS

Resulta axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 30.01.2014 polo Concello de Vigo coa entidade “Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.”, toda vez que:

- Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas no TRLCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- A concorrência para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- As características do contrato administrativo de servizos formalizado para a prestación do servizo de TAD permanecerán inalterables.
- Constan neste informe, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta primeira prórroga proposta.
- Consta a aceptación formal do contratista.
- Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, logo do informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.02.2017 e ata o 31.01.2018, o contrato de servizos de teleasistencia domiciliaria das persoas usuarias do Concello de Vigo sen recoñecemento da situación de dependencia adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 19.12.2013 á mercantil “Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.” (CIF nº A-79022299) e formalizado en documento administrativo o 30.01.2014 (con Anexo do 21.02.2014), de conformidade co previsto no Art. 303.1 do TRLCSP e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 76.440,05 € (11,58€/mes/usuario, IVE incl.) que representa esta segunda prórroga anual a favor de “Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.”, coa revisión do IPC que proceda, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.11.

TERCEIRO: Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun

mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Con todo, a XGL decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(58).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUAIS EN RELACIÓN CO RECURSO INTERPOSTO CONTRA OS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS REGULADORAS DO CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA NOS COLEXIOS E ESCOLAS PÚBLICAS. EXPTE. 3815/440.

Dáse conta da proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 23/01/17, que di o seguinte:

1º.- Tomar razón da Resolución nº 11/2017 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 1086/2016, interposto por D.ª Julia Reboreda Barcia, en nome propio como traballadora de MANTELNOR, así como na súa calidade de representante do Comité de Empresa de dita sociedade contra o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescripcións técnicas reguladoras do contrato de "Servizos de limpeza dos colexios e escolas municipais". Na mesma o TACRC desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

"Primeiro.- Desestimar o recurso interposto por D.ª Julia Reboreda Barcia, en nome propio como traballadora de MANTELNOR, así como na súa calidade de representante do Comité de Empresa de dita sociedade contra o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescripcións técnicas reguladoras do contrato de "Servizos de limpeza dos colexios e escolas municipais" licitado polo concello de Vigo.

Segundo.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP".

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de dar cumprimento ao disposto pola citada resolución".

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(59).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE. EXPTE. 27683/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 19/01/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 11 de xaneiro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (27683-220)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (27683-220)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de vixilancia da saúde.

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 2 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Servizo de vixilancia da saúde (27683-220) na seguinte orde descendente:

Licitadores	Puntuación total
PREVISONOR, S.L.	100
PREMAP SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	91,95
MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.U.	85,30
NORPREVENCIÓN, S.L.	76,23

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PREVISONOR, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.709,92 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PREVISONOR, S.L., o día 20 de decembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 2 xaneiro de 2017, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de xaneiro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PREVISONOR, S.L. de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación o 23 de novembro de 2016.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PREVISIONOR, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (27683-220) coas seguintes condicións:

1. *O prezo do contrato é de 714.000,00 euros (exento de IVE)*
2. *Propón a realización dos seguintes cursos e campañas informativas e de sensibilización de promoción da saúde, cos requisitos previstos no apartado 8.B.2 da FEC:*
 - a) *12 cursos presenciais de formación en primeiros auxilios por ano de contrato, iniciais e de reciclaxe*
 - b) *Unha campaña por cada ano de contrato informativa e de sensibilización de promoción da saúde*
 - c) *3 cursos presenciais por ano de contrato de formación “Escola de costas”*
 - d) *4 cursos presenciais por ano de contrato de formación en “Xestión de equipos de traballo” para mandos intermedios*
 - e) *3 cursos presenciais por ano de contrato sobre “Acosos psicolóxico no traballo”*
 - f) *5 cursos presenciais por ano de contrato de formación en “Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia” dirixido ao persoal de Servizos de Emerxencias (Policía Local, Extinción de Incendios e Protección Civil)*
 - g) *4 cursos presenciais por ano de contrato de xestión e control do estrés*
 - h) *4 cursos presenciais por ano de contrato de intelixencia emocional no traballo e xestión positiva de conflitos*
 - i) *2 cursos presenciais por ano de contrato de “Atención ao cidadán”*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(60).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERÍODO LECTIVO “VIGO EN INGLÉS 2007”. EXPTE. 18373/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13/01/17, e o informe de fiscalización do 20/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 16/01/17, asinado polo técnico de Educación, a concelleira de Educación e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Mediante Resolución de inicio de expediente de 09 de novembro de 2016, a Concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2017”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira de Educación de 09/11/16 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación
- Informe xustificativo da necesidade da contratación do técnico de Educación de data 09/11/2016.
- Memoria xustificativa de data 10/11/16, redactada polo técnico de Educación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 10/11/16 redactado polo técnico de Educación.
- Informe de 23/11/16 da xefa do servizo de Contratación, de comprobación da documentación e de constancia da documentación.
- Dilixencia de 23/11/2016 da xefa do servizo de Contratación, de devolución do expte ao servizo xestor para revisión do Prego de cláusulas administrativas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 27/12/16 redactado pola xefa do Servizo de Contratación.
- Informe da Asesoría xurídica municipal de 27/12/16.
- Informe-proposta inicial de 29/12/16 de aprobación do expediente de contratación do Servizo de Educación.
- Dilixencia de 11/01/17 da xefa do servizo de Contratación, sobre corrección do apartado 1.I da FEC.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 11/01/17 redactado pola xefa do Servizo de Contratación.
- Informe da Asesoría xurídica municipal de 13/01/17.
- Informe-proposta modificado de 13/01/17 de aprobación do expediente de contratación do Servizo de Educación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2017", para a mellora da competencia lingüística en inglés de estudantes de 4º da ESO matriculados en centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos.

Duración: A duración estimada do contrato será dun máximo de oito meses e, en todo caso ata o 31 de decembro do ano 2017.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 208.800,00 euros.

Aplicación orzamentaria: 3260.227.99.17 do Programa Educativo "Aulas Internacionais" do ano 2017.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSP). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2017” por procedemento aberto.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 10/11/2016 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 11/01/2017 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2017” por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 208.800,00.-€ na anualidade de 2017 para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2017” por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo “Aulas Internacionais” do ano 2017.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(61).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN (TARIFAS A MERCADO) PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 35822/444.

Visto o informe de fiscalización do 10/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 27/12/16, asinado polo xefe dos Servizos Enerxéticos, o xefe o Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 28 de febreiro de 2016 o Concello de Vigo asinou o contrato de subministro de enerxía eléctrica para as distintas dependencias do Concello de Vigo de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas aprobados previamente pola Xunta de Goberno. Dito contrato foi adxudicado a GAS NATURAL COMERCIA-

LIZADORA, S.A. pola Xunta de Goberno Local na sesión do 08 de febreiro de 2016 e cun prazo de duración dun ano prorrogable por un período da mesma duración.

O contrato comezou o 1 de marzo de 2016 e remata con data 28 de febreiro de 2017 e este Servizo de Enerxía entende que debería prorrogarse polo período máximo que establece o Prego de cláusulas administrativas que rexe o mesmo, xa que a empresa subministradora comprométese a manter os mesmos prezos do contrato para o período de prórroga.

A empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A adxudicataria do contrato, da a súa conformidade á prórroga do mesmo, obrando o documento de prórroga coa conformidade da mesma tanto para os subministros en baixa tensión como para os de alta tensión tal como se indica non escrito que presentou no Rexistro do Concello con data 2 de novembro de 2016, obrante no expediente.

Os consumos e importes estimados para o período de prórroga do contrato (1 ano), tanto para os subministros de baixa como de alta tensión son os que se indican no cadro seguinte, taboa 2, aos que se lle aplicará a baixa do 8,80 % ofertada pola empresa adxudicataria.

Taboa 2: Prezos enerxía			
Prezos en céntimos de €/kWh (sen imposto de electricidade sen IVE, sen recargos, sen custes por cambios de potencia...)			
Tarifa	Período	Consumo estimado (KWh)	Prezo máximo en céntimos de euro
2.1A	P1	536212	14,7680
2.1DHA	P1	2.235.194	16,8234
2.1DHA	P3	6.462.683	8,5336
3.0A	P1	1.720.466	12,6744
3.0A	P2	4.301.037	10,2784
3.0A	P3	3.489.127	7,1065
3.1A	P1	947.770	10,8938
3.1A	P2	1.651.549	9,6330
3.1A	P3	1.406.190	7,1065
6.1	P1	256.934	12,4926
6.1	P2	323.200	10,4909
6.1	P3	169.603	9,4961
6.1	P4	198.409	8,3807
6.1	P5	295.944	8,0628
6.1	P6	1.065.062	6,8515
			0
Total P1		5.160.364	
Total P2		6.811.998	
Total P3		11.527.603	
Total P4		198.409	
Total P5		295.944	

Total P6		1.065.062	
TOTAL CONSUMO ENERXÍA		25.059.380	

Nestos prezos inclúese o aluguer dos equipos de medida para todos os subministros obxecto do contrato.

Atendendo ao consumo estimado, o importe do contrato anual no período 2017/2018 ascendería a 4.042.193 euros, IVE engadido, e as partidas presupostarias que darían cobertura a este gasto serían as que se indican no cadro seguinte:

APLICACION PRESUPOSTARIA	ANO 2017 (marzo a decembro)	ANO 2018 (xaneiro e febreiro)	TOTAIS ANOS 2017/2018
1710.221.00.00 (Parq. - Xardíns)	53.533,38 €	12.967,71 €	66.501,09 €
3210.221.00.00 (Educación)	426.322,49 €	103.270,67 €	529.593,16 €
3420.221.00.00 (Deportes)	521.922,16 €	126.428,35 €	648.350,51 €
9220.221.00.00(Dependencias)	661.042,37 €	160.128,27 €	821.170,64 €
1650.221.00.00 (alumeado público)	1.591.144,97 €	385.432,63 €	1.976.577,60 €
TOTAL	3.253.965,37 €	788.227,63 €	4.042.193,00 €

Para facer fronte ao gasto do contrato o Concello comprométese a incluír nos seus orzamentos o crédito necesario.

Previamente a somete-lo expediente á consideración da Xunta de Goberno Local, deberá ser fiscalizado pola Intervención Xeral.

Durante a prórroga os subministros e o pago dos mesmos faranse nas mesmas condicións que figuran no contrato, polo que non resulta necesario reaxustar as garantías do contrato. A vista dos documentos que obran no expediente respecto da prórroga do contrato, este Servizo de Enerxía, faille á Xunta de Goberno Local a seguinte,

PROPOSTA:

- 1º.- Aproba-la prórroga do contrato de subministro de Enerxía eléctrica en alta e baixa tensión para as distintas instalacións electromecánicas do Concello de Vigo asinado con GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. por un prazo igual ao do contrato (do 1 de marzo de 2017 ao 28 de febreiro de 2018) cos mesmos prezos por tarifa do contrato, indicados no cadro do informe antecedente, aos que se lle aplicará a baixa do 8,80 % ofertada pola empresa adxudicataria.
- 2º.- Autorizar o gasto do importe estimado da prórroga do contrato de subministro de Enerxía eléctrica por un total de 4.042.193,00 euros (IVE engadido); 3.253.965,37 € para o ano 2017 e 788.227,63 € para o ano 2018, coa imputación indicada no informe antecedente.

A presente resolución comunícase ao servizo de Contratación e ao contratista interesado aos efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(62).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DA CASA DO CONCELLO E A INSTALACIÓN DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS E SÓLIDOS (VENDING) NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.. EXPTE. 19840/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16/01/17, e o informe de fiscalización do 17/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/17, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e polo concelleiro delegado da Área de Patrimonio, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

O Concelleiro delegado de Patrimonio en data 12.05.16, dispón que se inicie polo Servizo de patrimonio os trámites administrativos pertinentes para sacar a licitación pública a contratación da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que para desenvolver as atribuídas nos arts 25 e 26 LRBRL, co servizo de cafetería se satisface unha finalidade pública de específica competencia do Concello, ó dotar ás instalacións administrativas e deportivas municipais dun servizo mais completo coa actividades de bar-cafetería

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Resolución do Concelleiro delegado de Patrimonio en data 12.05.16, polo que dispón que se inicie polo Servizo de patrimonio os trámites administrativos pertinentes para sacar a licitación pública a contratación da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello.
- Fichas do Inventario de Bens e Dereitos municipal, aprobado e en trámite de revisión, xustificativas da propiedade do edificio Consistorial
- Informes da Xunta Consultiva de Contratación sobre a natureza contratual do servizo de explotación da cafetería.
- Informe da Correduría de seguros sobre pólizas a contratar pola adxudicataria do contrato
- Informes do Vogal do Tribunal de reclamacións económico-administrativas do Concello de Vigo sobre a determinación do prezo do contrato, duración e criterios de adxudicación de datas 27.07.16, 17.08.16
- Informe sobre a xustificación da necesidade da contratación asinado pola Xefatura da Área de Xestión Patrimonial de data 12.08.16
- Informe técnico sobre a ubicación das máquinas e fontes de auga de data 12.08.16
- Memoria xustificativa asinada o 17 de agosto de 2016 pola xefa da Área de Xestión patrimonial e Patrimonio Histórico
- Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos de data 17.08.16 da xefa da Área, no que se inclúe como Anexo a memoria valorada das obras a executar redactada polos arquitectos municipais en abril de 2016
- Informe asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 27 de outubro de 2016 na que sinala que, revisada a documentación do expediente, éste reúne a documentación esixida pola lexislación vixente.

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 27.10.16
- Anexo á Memoria xustificativa asinado o 22 de novembro de 2016 pola xefa da Área de Xestión patrimonial e Patrimonio Histórico a requerimento da Asesoría Xurídica no que se califica como obrigatoria a instalación dun número de máquinas e fontes de auga
- Novo Anexo á Memoria xustificativa asinado o 24 de novembro de 2016 pola xefa da Área de Xestión patrimonial e Patrimonio Histórico a requerimento da Asesoría Xurídica no que se xustifica que o número de máquinas mínimo é igual ou superior as non obrigatorias e reaxuste da puntuación a aplicar por estes criterios serios.
- Terceiro Anexo á Memoria xustificativa asinado o 28 de novembro de 2016 pola xefa da Área de Xestión patrimonial e Patrimonio Histórico a requerimento da Asesoría Xurídica, Intervención municipal e Contratación no que se modifica a valoración dos criterios de adxudicación, incrementándose o do canon
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 15.12.16
- Informe favorable da Titular da Asesoría Xurídica de data 16.12.16.
- Corrección erro informe Vogal Tribunal económico-administrativo de data 16.01.17 en canto ó prezo do contrato
- Prego de cláusulas administrativas no se que rectifica o valor do contrato

II.- Condicións definitorias do contrato

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do presente expediente abrangue a contratación da prestación do servizo da cafetería e comedor nas instalacións do Concello de Vigo, e os seus anexos, servizo este que se prestará mediante a apertura da cafetería-comedor en horario de mañán e ata a finalización do servizo, a instalación de máquinas de venda de snacks e bebidas frías e quentes tanto na área de lecer sita no andar segundo da Casa Consistorial coma nos lugares que os informes técnicos determinen a tal fin e a instalación en estes lugares de fontes de auga mineral de dispensación gratuita, sendo responsabilidade do adxudicatario o cumprimento das obrigas que lle impoña a execución do dito contrato e a execución das obras que figuran na memoria valorada que se incorpora ó expediente, retribuíndose directamente na súa prestación cos prezos aboados polos usuarios.

A doutrina califica maioritariamente este contrato como contrato administrativo especial, ó abeiros do disposto os arts 5.2 e 19.1 letra “b” do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLC), en canto está vencellado ó xiro ou tráfico específico da Administración contratante, ademais de que co servizo de cafetería se satisface unha finalidade pública de específica competencia do Concello, ó dotar ás instalacións administrativas e deportivas municipais dun servizo máis completo coa actividades de bar.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no PPT .

II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación

De conformidade co art 19.2 TRLC, ós contratos administrativos especiais lles serán de

aplicación, en primer término, as súas normas específicas, e en defecto destas, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos i extinción, polo la lei de contratos, e disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento ordinario, artigo 138.2 TRLC, esto é, o procedemento aberto, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

II.3.- Prezo e valor do contrato

Este contrato non xenera gastos para a facenda municipal.

O contratista asumirá o financiamento do contrato.

O contratista recadará os ingresos que xeren tanto a explotación da cafetería como as máquinas de vending.

En cumprimento do artigo 87 do TRLC, o valor do contrato determinase seguindo o criterio exposto polo Vogal do Tribunal económico-administrativo no seu informe de data 16.01.2017, no que se rexeita, en base á doutrina da Xunta Consultiva de Contratación, a súa determinación en función do valor do inmovible, e do que resulta que o **valor estimado do contrato é de 2.755.340'28 €**, considerando beneficio industrial e gastos xerais.

Este valor dedúcese dos ingresos previstos para a concesión durante o seu prazo de duración. Para o calculo destes ingresos empregouse ó réxime especial de estimación indirecta de rendementos por módulos para o ano 2016 recollidos na Orden HAP/2430/2015, de 12 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2016 o método de estimación obxectiva do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e o réxime especial simplificado do Imposto sobre o Valor Engadido (BOE, 18-novembro-2015). En concreto o epígrafe 673.1 da Tarefas do IAE "Outros cafés e bares".

En relación coas máquinas de autoventa, o técnico do Tribunal económico, considera que as mesmas se configuran coma unha prestación desconcentrada do servizo e son a súa propia competencia, en tanto que quen fai uso delas non o fai da cafetería, do que poden considerarse unha extensión. Polo tanto, non procede consideralas coma espazos distintos ós efectos da cuantificación do rendimento, que será o que resulte únicamente do espazo destinado á cafetería.

O prezo do contrato coincide co valor estimado do mesmo.

II.4 Criterios de valoración

En relación aos criterios de adxudicación e segundo o recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base ao obxecto deste contrato, establécese a valoración por múltiples criterios, para o cal defínense os seguintes criterios baixo os principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia.

En relación a esta opción, e tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato, optouse por non establecer ningún criterio de xuízo de valor, posto que as obras a executar son de mera reforma dun local interior do propio Concello, relativas á mellora da accesibilidade e de seguridade da mesma, eno mesmo senso o local do segundo andar, e que mais aló das obrigas contractuais da adxudicaria que se recollen tanto na memoria

como no prego de condicións administrativas, o servizo de cafetería, prezos e demais circunstancias virán determinadas pola lei da oferta e da demanda considerando a ubicación de centralidade urbá da mesma (no entorno do Concello de Vigo existe unha diversificada oferta de servizos similares). Ante esta coitura considerouse que o precio dos produtos non debe ser un criterio de adxudicación, en canto dito precio o establecerá un mercado cunha oferta máis que suficiente no contorno.

Os criterios de avaliación xa que logo, serán:

II.4.1.- Criterios avaliados mediante xuízo de valor: non se fixan.

II.4.2.- Criterios avaliados mediante fórmula:

II.4.2.1.- Instalación de fontes de auga mineral de dispensación gratuita nos lugares indicados no ANEXO III: se valorará con ata **15 puntos**

Por cada fonte de auga: 5 puntos

II.4.2.2.- instalación de fontes de auga mineral de dispensación gratuita nos lugares que sexan indicados dentro das instalacións municipais distintos dos indicados no ANEXO III : se valorará con ata **9 puntos**

Por cada fonte de auga: 3 puntos

Para obter puntuación neste criterio é necesario ter ofertado as 3 fontes de dispensación gratuita para instalar nos lugares indicados no ANEXO III do PPT as que se refire o apartado 1 desta cláusula.

II.4.2.3.- Instalación de máquinas de dispensación de café e bebidas quentes nos lugares indicados no ANEXO III : se valorará con ata **24 puntos**

Por cada máquina de café e bebidas quentes: 3 puntos

II.4.2.4.- Instalación de máquinas de dispensación de café e bebidas quentes en lugares distintos dos indicados no ANEXO III: se valorará con ata **7 puntos**

Por cada máquina de café e bebidas quentes: 1 punto

Para obter puntuación neste criterio é necesario ter ofertado as 8 máquinas de café e bebidas quentes para instalar nos lugares indicados no ANEXO III do PPT as que se refire o apartado 3 desta cláusula.

II.4.2.5.- Instalación de máquinas de dispensación de snacks e similares nos lugares indicados no ANEXO III : se valorará con ata **9 puntos**

Por cada máquina de snacks e similares: 3 puntos

II.4.2.6.- Instalación de máquinas de dispensación de snacks e similares nos lugares que sexan indicados dentro das instalacións municipais distintos dos indicados no ANEXO III: se valorará con ata **2 puntos**

Por cada máquina de snacks e similares: 1 punto

Para obter puntuación neste criterio é necesario ter ofertado as 3 máquinas de snacks e similares nos lugares indicados no ANEXO III do PPT as que se refire o apartado 5 desta cláusula.

II.4.2.7.- Incremento do canon anual mínimo : se valorará con ata **34 puntos**,segundo fórmula fixada polo Servizo de Contratación

II.5 Revisión de prezos

O canon ofertado sera obxecto de revisión con efectos dende o 1 de xaneiro do 2018 e anualmente nos anos sucesivos, utilizando como formula o cálculo do 3% do volumen de ingresos, estando obrigada a contratista a aboar a diferenza entre o canon ofertado e o importe do 3% en caso de resultar positivo, non sendo obxecto en ningun caso de revisión a baixa. No mes de novembro de cada ano, deberá o adxudicatario comunicar a esta administración o volumen de ingresos obtido nos 12 meses inmediatamente anteriores, achegando a documentación xustificativa destes.

II.6.- Esixencia de Clasificación

Non se contempla

II.7.- Subcontratación

Considérase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

II.9.- Prazo de execución e prórroga:

- 1.- O prazo de execución do contrato será de catorce anos e cinco meses.
- 2.- Fíxanse os seguintes prazos parciais:
 - > 5 meses: para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería.
 - > 14 anos: para a prestación do servizo
- 3.- Non se contempla posibilidade de prórroga.

II.10.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.11 Responsable do Contrato

O responsable do contrato será o Xefe/a do Servizo de Patrimonio.

II.12- Seguro

Procede constituir as seguintes pólizas:

Póliza de responsabilidade civil xeral, de explotación, de produtos (produtos servidos no mesmo), e **patronal** incluíndo como asegurados ao contratista, ao subcontratista, e ao persoal que interveña a seu cargo, no seu caso. Deberá incluír ao Concello de Vigo, como asegurado adicional. O límite mínimo de indemnización será de 600.000 € por sinistro e anualidade, sen sublímite por vítima, salvo na responsabilidade patronal, que será como mínimo de 150.000 euros.

No caso de establecerse franquía en póliza, esta será a conta do adxudicatario.

Póliza de danos materiais, na que debe figurar como beneficiario o Concello de Vigo, que cubra os danos materiais, accidentais, súbitos e imprevisibles que se orixinen nos elementos de construción, louza sanitaria e instalacións fixas dos locais (continente), debendo figurar na mesma como suma asegurada para este concepto a cantidade mínima de 300.000 euros.

Póliza de accidentes para os traballadores que se axuste ao convenio ao que pertenzan.

Procede constituir un seguro específico de responsabilidade civil por un importe mínimo de 300.000 euros.

II.13.- Condicións especiais de execución:

Serán condicións especiais de execución:

- a obriga do contratista de estar o corrente dos pagos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato.
- a obriga do contratista de pagar ó seu persoal un salario igual ou superior ó fixado no convenio colectivo que resulte de aplicación ó sector, aplicándose preferentemente o convenio colectivo provincial, de non existir este, o convenio autonómico ou, en última instancia, o convenio estatal.
- a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para acceder ó emprego.

II.14.- Solvencia

Solvencia económica e financeira:

Acreditarse presentando a declaración do volume anual de negocio: considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que, nos tres últimos anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior a 31.987,58 euros.

Solvencia técnica e profesional:

Acreditarse presentando unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza cos que constituían ó obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos: considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a 31.987,58 euros.

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local, órgano de contratación en virtude do disposto no apartado terceiro da disposición adicional 2ª TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da explotación da cafetería na Casa do Concello de Vigo e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais .

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescripción Técnicas Particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a explotación da cafetería na Casa do Concello de Vigo e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial de data 17 de agosto de 2016, o cal abrangue como anexos a memoria valorada das obras a executar tanto no espazo da cafetería no andar -1 e na área de descanso do persoal municipal sita no segundo andar da casa do Concello, de data abril de 2016.

Terceiro.-Aprobar o Prego de Prescripcións Administrativas Particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 16 de xaneiro de 2017.

Cuarto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(63).- DIETAS DAS ASISTENCIAS DOS MEMBROS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ENCARGADO DE EVALUAR AS PROBAS DE SELECCIÓN “CONDUTOR-BOMBEIRO” (OEP 2012). EXPTE.: 28846/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 2/11/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, axefa da Área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 04/03/2016, aprobou as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2012 (publicadas no BOP nº 52, de 16/03/2016), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 27646/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 28011/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de Conductor-Bombeiro, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 3978,83 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. Guillermo Domínguez López, presidente titular, (nº. persoal 15148), con DNI nº 36.024.191-G, catorce asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 599,62 €.

D. Lucio C. Varela Borreguero, secretario titular (nº persoal 17495), con DNI nº 36.023.156-G, quince asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 642,45 €.

D. Jesús Carballo Magariños, vogal do órgano de selección (nº persoal 80659), con DNI nº 76.819.393-Z, doce asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 477,36 €.

D. José Manuel Enríquez Molinos, con DNI nº 34.976.080-A, vogal do órgano de selección, con domicilio en C/ Baronzas, 135 bis, 32630 Xinzo de Limia – Ourense, trece asistencias de 39,78 € cada unha, máis kilometraje 190 Km. x 13 x 0,19 (469,30 €), o que supón un total de 986,44 €, a abonar no número IBAN ES8220800410903000076597.

D. David Mosquera Estévez, vogal do órgano de selección (nº persoal 80563), con DNI nº 53.178.813-F, once asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 437,58 €.

D. David Álvarez Salgueiro, vogal suplente do órgano de selección (nº de persoal 80562), con DNI nº 36.149.653-R , catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 159,12 €.

D. Ezequiel Fernández Carpintero, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 16283), con NIF 36.040.789-L, nove asistencias de 39,78 € cada unha, importan un total de 358,02 €.

Dª. Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 82190), con DNI nº 36134363-V, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €.

Dª. Sonia Estrada Ibañez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 23283), con DNI nº 36.049.452-B, unha asistencia de 39,78 €.

D. Antonio Rodríguez Pérez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 15540), con DNI nº 36.039.137-T, unha asistencia de 39,78 €.

D. Luis Iglesias Rejas, asesor especialista, (nº de persoal 22390), con DNI nº 36.091.674-M, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.

D. José Dafonte Docampo, con DNI nº 34.257.248-J, asesor especialista, con domicilio na rúa Purificación Saavedra nº 16, 2ºB, 36207 de Vigo, unha asistencia de 39,78 €, a abonar no número IBAN ES9201826622500201579013.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para a provisión en propiedade de dúas prazas de Conductor-bombeiro correspondentes á OEP 2012 e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 3978,83 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. Guillermo Domínguez López, presidente titular, (nº. persoal 15148), con DNI nº 36.024.191-G, catorce asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 599,62 €.

D. Lucio C. Varela Borreguero, secretario titular (nº persoal 17495), con DNI nº 36.023.156-G, quince asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 642,45 €.

D. Jesús Carballo Magariños, vogal do órgano de selección (nº persoal 80659), con DNI nº 76.819.393-Z, doce asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 477,36 €.

D. José Manuel Enríquez Molinos, con DNI nº 34.976.080-A, vogal do órgano de selección, con domicilio en C/ Baronzas, 135 bis, 32630 Xinzo de Limia – Ourense, trece asistencias de 39,78 € cada unha, máis kilometraje 190 Km. x 13 x 0,19 (469,30 €), o que supón un total de 986,44 €, a abonar no número IBAN ES8220800410903000076597.

D. David Mosquera Estévez, vogal do órgano de selección (nº persoal 80563), con DNI nº 53.178.813-F, once asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 437,58 €.

D. David Álvarez Salgueiro, vogal suplente do órgano de selección (nº de persoal 80562), con DNI nº 36.149.653-R , catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 159,12 €.

D. Ezequiel Fernández Carpintero, asistencia técnico-administrativa, (núm. persoal 16283), con NIF 36.040.789-L, nove asistencias de 39,78 € cada unha, importan un total de 358,02 €.

D^a. Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 82190), con DNI nº 36134363-V, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €.

D^a. Sonia Estrada Ibañez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 23283), con DNI nº 36.049.452-B, unha asistencia de 39,78 €.

D. Antonio Rodríguez Pérez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 15540), con DNI nº 36.039.137-T, unha asistencia de 39,78 €.

D. Luis Iglesias Rejas, asesor especialista, (nº de persoal 22390), con DNI nº 36.091.674-M, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.

D. José Dafonte Docampo, con DNI nº 34.257.248-J, asesor especialista, con domicilio na rúa Purificación Saavedra nº 16, 2ºB, 36207 de Vigo, unha asistencia de 39,78 €, a abonar no número IBAN ES9201826622500201579013.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(64).- NOMEAMENTO INTERINO DE TRES AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TRLEBP, POR UN PRAZO DE SEIS MESES PARA A DIRECCIÓN DE INGRESOS. EXPTE. 29227/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 24/01/17, dáse conta do informe-proposta do 20/01/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 23 de novembro de 2016, a Directora de Ingresos, coa conformidade do Concelleiro-Delegado de Orzamentos e Facenda, remite oficio, no que solicita o nomeamento de tres auxiliares administrativos/as, ante a ampliación de tarefas relativas á xestión de beneficios fiscais de servizos anteriormente xestionados nos Organismos Autónomos así como asistencia en autoliquidacións de aproveitamentos da vía pública, en particular, mercadillos e debido á imposibilidade de atender tarefas ineludibles de asistencia aos contribuíntes, en particular a xestión do Imposto sobre Bens Inmóbeis polos cambios nas categorías de solo de “urbano” a “rústico”, así como á necesidade de emitir por primeira vez nos próximos meses de xaneiro-febreiro 2017 o Padrón fiscal do IBI de natureza rústica de 2016 (con retraso polas carencias que motivan esta demanda) así como a asistencia os técnicos que realizan cometidos de “custes” que anteriormente non se realizaban na Dirección de Ingresos, reiterando así necesidade de dotar ao Servizo dos medios humanos necesarios que garantan a prestación do servizo.

En resposta a esta petición o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 04 de xaneiro de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino á Xunta de Goberno Local de tres auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas solicitados, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Dirección de Ingresos, nos termos da solicitude da súa responsable que conta coa conformidade do Concelleiro-Delegado de Orzamentos e Facenda, de data 23 de novembro de 2016.

En cumprimento do ordenado, con data 19/01/2017, polo técnico que subscribe, fórmulase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), adscrito a Dirección de Ingresos, cód. 500 da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición tanto da Directora de Ingresos, como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 04/01/2017 no que se ordena o inicio do presente expediente e, no informe do funcionario informante, resultou acreditado que os presentes son un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016, considerándose a prestación deste Servizo como esencial ao tratarse dunha competencia distinta das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, trátase polo tanto dun servizo interno, central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o funcionamento do propio Concello ao tratarse da propia actividade económica do mesmo, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición da Directora de Ingresos, conformado polo Concelleiro-Delegado de Orzamentos e Facenda, que figura no expediente.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de tres auxiliares de administración xeral para a Dirección de Ingresos, supón un gasto de 32.565,42€, e, ao que haberá que engadirse a cantidade de 10.558,02€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2017 recentemente aprobado, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220),

modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: “VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”, a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Significar que unicamente a aspirante que figura na posición núm. 41-**NOA PÉREZ LORENZO, DNI 36.137.641-H** está en condicións de ser nomeada, aínda que rematase o seu anterior nomeamento por execución de programa temporal en data 30/12/2016, expte. 27857/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 06/05/16, aceptando expresamente o mesmo e acreditando nesta Área de Recursos Humanos e Formación todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Toda vez que neste intre non existen candidatos/as en disposición de ser nomeados por acumulación de tarefas da lista derivada da execución da última oferta de emprego público antes mencionada, os/as aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), polo que procede recorrer a lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 19/01/2017, seguindo estritamente a lista derivada da execución da Oferta de Emprego Público 2008, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, das aspirantes núms. 33-D^a. **MARIA RIAL REY, DNI 36.158.936-S** e 6-D^a. **ALEJANDRA CUADRADO SAAVEDRA, DNI 32.693.847-Z** que manifestaron optar ao referido nomeamento interino por

acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, compróbase que a aspirante proposta, Sra. Rial Rey, prestou servizos neste Concello durante o período comprendido entre o 01/12/15 e o 31/05/16, como funcionaria interina por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral, expte. 272237220, polo que dende o día 01 de decembro de 2016, data no que cumpriu o período mínimo de seis meses dende que rematou o seu último nomeamento, está en condicións de ser novamente nomeada; aínda que a referida aspirante estivese prestando servizos como Subalterna (subgrupo E de agrupacións profesionais) cun nomeamento interino por acumulación de tarefas, con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local de data 08/07/2016, expte 28192/220 durante o período 12/07/16 a 11/01/17. Infórmase así mesmo que a outra aspirante proposta Sra. Cuadrado Saavedra non prestou servizos neste Concello en ningunha ocasión.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Auxiliares de Administración Xeral**, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Dirección de Ingresos e, en consecuencia, autorizar o gasto por **32.565,42€**, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como **Auxiliares de Administración Xeral**, por un período máximo de seis meses, á **D^a. NOA PÉREZ LORENZO, DNI 36.137.641-H, D^a. MARIA RIAL REY, DNI 36.158.936-S e, D^a. ALEJANDRA CUADRADO SAAVEDRA, DNI 32.693.847-Z**, na súa condición de seguintes aspirante que superaron tódolos exercicios da lista de substitucións da última oferta de emprego executada ou do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración Xeral, autorizado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 16/01/2015, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do

Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas a Dirección de Ingresos (cód. 500), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo as aspirantes nomeadas, a Directora de Ingresos, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(65).- NOMEAMENTO INTERINO DE CATRO AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL E CATRO AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, BAIXO AS MODALIDADES PREVISTAS NO ART. 10.1.C) E D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TRLEBP. EXPTE. 29228/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 23/01/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 17 de novembro de 2016, a Xefa do Servizo e o Xefe da Área de Benestar Social, coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, remite oficio no que solicita, entre outros, no seu apartado d), no relativo ao programa "Axudas Extraordinarias a familias para gastos de Aloxamento, Subministros e Alimentación-2017", o nomeamento interino de oito Auxiliares Administrativos/as, catro deles/as por execución do dito programa temporal e outros/as catro por acumulación de tarefas.

En resposta a esta petición o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 04 de xaneiro de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino á Xunta de Goberno Local dos seguintes nomeamentos interinos, de conformidade co disposto no artigo 10.1. c) e d) do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

- 4 auxiliares administrativos/as como funcionarios/as interinos/as previsto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para a execución do programa temporal "Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación-2017", programa que remata o 31 de decembro de 2017.
- 4 auxiliares administrativos/as, como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, nos termos da solicitude da Xefa do Servizo e do Xefe da Área de Benestar Social de data 17 de novembro de 2016, que conta coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Políticas de Benestar.

En cumprimento do ordenado, con data 23/01/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopan, a execución de programas de

carácter temporal (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), adscrito ao Servizo de Benestar Social, cód. 301 da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá e/ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición tanto da Xefa do Servizo de Benestar Social, como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 04/01/2017 no que se ordena o inicio do presente expediente e, no informe do funcionario informante, resultou

acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016, prorrogado para o presente ano 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación deste servizo como obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.e) e 26,3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición da Xefa do Servizo de Benestar Social, conformado polo Xefe da Área, coa conformidade da Concelleira-Delegada da área de Política Social que figura no expediente.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de once meses, de catro auxiliares administrativos/as por programa temporal e de outros catro auxiliares por acumulación de tarefas por un período de seis meses, supón un gasto de 128.290,84€, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 41.181,37€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, do vixente orzamento recentemente aprobado para o presente ano 2017.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas,

mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, corresponde o nomeamento **por execución de programa**, das aspirantes da lista a que se refire o anterior parágrafo, num. 5-**SONEIRA VILLARINO, XOANA, DNI 36.163.678-L**, 15-**COLLAZO SAAVEDRA, M^a CONCEPCIÓN, DNI 36.063.966-N**, 19-**BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ, BEATRIZ, DNI 36.143.333-Y**, e, 21-**VÁZQUEZ BARBOSA, SUSANA, DNI 34.965.732-M**, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron nesta Área de Recursos Humanos e Formación todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, compróbase que as aspirantes propostas Sras. Soneira Villarino, Collazo Saavedra, Bernárdez Rodríguez e, Vázquez Barbosa, están en condicións de ser nomeadas, significando que toda vez que neste intre D^a. Xoana Soneira Villarino e D^a. M^a. Concepción Collazo Saavedra, toda vez que neste intre están en situación de servizo activo neste Concello terían que renunciar voluntariamente ao nomeamento polo que foron nomeadas aprobado pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de 13/04/2012, expte. 22983/220 e 18878/220 de data 24/03/2009, toda vez que non superaron o proceso selectivo celebrado recentemente, e ser elas as que conservan as primeiras posicións da lista.

Respecto dos/das outros catro auxiliares propostos/as e, seguindo igualmente a orde da lista anterior, corresponde o nomeamento como interinos por **acumulación de tarefas** dos/das aspirantes núms. 36-**COUÑAGO GONZÁLEZ, JOSÉ MANUEL, DNI 77.001.336-G**, 39-**CARRERA PÈREZ, RUBÉN, DNI 36.174.579-H** e, 45- **IZQUIERDO MARTÍN, JOSÉ LUIS, DNI 32.633.254-A** que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron nesta Área de Recursos Humanos e Formación todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Neste intre non existen candidatos/as en disposición de ser nomeados por acumulación de tarefas da lista derivada da execución da última oferta de emprego público a que se refire o anterior parágrafo, o resto dos/das aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), polo que procede

recorrer a lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.

Aos efectos de completa-la proposta, seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde así mesmo o nomeamento como auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, da aspirante da lista a que se refire o anterior parágrafo, núms. 30-**GALLEGO SANTOS, RUTH M^a, DNI 44.458.160-B**, que aceptou expresamente o mesmo, acreditando nesta Área de Recursos Humanos e Formación todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de oito funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas (catro por execución de programa temporal e catro por acumulación de tarefas), como **Auxiliares de Administración Xeral**, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) e d) do TREBEP, por un período máximo de once meses no caso do persoal nomeado por execución de programa e, de seis meses no caso do persoal nomeado por acumulación de tarefas, finalizando a relación de servizo transcorrido ditos períodos, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social contidas no escrito da xefa do Servizo e o xefe da Área de Benestar Social, coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, de data 17 de novembro de 2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto por **128.290,84€**, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: En execución do contido no apartado anterior, nomear como funcionarias interinas por execución do programa de carácter temporal "Axudas Extraordinarias a familias para gastos de Aloxamento, Subministros e Alimentación-2017", como **Auxiliares de administración xeral**, por un período de once meses e, con duración máxima ata o 31/12/2017, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) do TREBEP e de conformidade co informe-técnico de data 23/01/2016, a/o/s aspirantes que constan nas listas cos números num. 5-**SONEIRA VILLARINO, XOANA, DNI 36.163.678-L**, 15-**COLLAZO SAAVEDRA, M^a CONCEPCIÓN, DNI 36.063.966-N**, 19-**BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ, BEATRIZ, DNI 36.143.333-Y**, e, 21-**VÁZQUEZ BARBOSA, SUSANA, DNI 34.965.732-M**, na súa condición de seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios na última convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliar de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma,

estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como **Auxiliares de Administración Xeral**, por un período máximo de seis meses, aos aspirantes que constan nas listas cos números **36-COUÑAGO GONZÁLEZ, JOSÉ MANUEL, DNI 77.001.336-G, 39-CARRERA PÈREZ, RUBÉN, DNI 36.174.579-H, 45- IZQUIERDO MARTÍN, JOSÉ LUIS, DNI 32.633.254-A e, 30-GALLEGO SANTOS, RUTH Mª, DNI 44.458.160-B** na súa condición de seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da lista de substitucións da última oferta de emprego executada ou do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración Xeral, autorizado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 16/01/2015, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

CUARTO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto nos Artigos 10.1.c) e d) do TREBEP, rematando cando transcorran os once meses no caso do persoal nomeado por execución de programa e, de seis meses no caso do persoal nomeado por acumulación de tarefas, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritos/as ao Servizo de Benestar Social, cód. 301, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

QUINTO: Establecer que a xornada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá e/ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

SEXTO: Notificar o presente acordo as aspirantes nomeadas, a Xefa do Servizo e ao Xefe da Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(66).- RECURSO DE ALZADA FORMULADO POLAS SECCIÓNS SINDICAIS CIG E CCOO DO CONCELLO DE VIGO CONTRA A FALTA DE ANONIMATO NA CORRECCIÓN DAS PROBAS DAS PRAZAS DE CABO SEIS E BOMBEIRO DA OEP 2010-2011. EXPTE. 29298/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18/01/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Consta no Expediente de referencia informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección dun Cabo do SEIS do Concello de Vigo (OEP 2010 – 2011), asinado con data 22.12.2016, que é do seguinte teor literal:

«INFORME XURÍDICO

I. FEITOS/ANTECEDENTES

«I.1. Unha vez rematadas todas as probas previstas, o Órgano encargado de seleccionar mediante concurso – oposición a un CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (OEP 2010-2011) acordou por unanimidade, na súa sesión do 07.11.2016, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a seguinte proposta:

«Propoñer o nomeamento como funcionario en prácticas, unha vez que achegue toda a documentación esixida nas Bases e con cargo a unha praza vacante de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, enmarcada no grupo C2 de titulación; escala de Admón. especial; subescala servizos especiais; clase extinción de incendios; categoría, cabo, que figura incluída na Oferta de Emprego Público 2010-2011 do Concello de Vigo, ó aspirante nº 9, D. FRANCISCO JAVIER RIVERO ÁLVAREZ (DNI. 36.108.569-H), que foi o que acadou a maior puntuación de todos os presentados, obtendo un total de 23,00 puntos. Deberá superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración como máximo antes do seu nomeamento definitivo (Base específica VII)».

I.2. Foron de aplicación a este proceso selectivo as bases xerais da OEP 2010-2011 do Concello de Vigo aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 14.09.2012 (BOP nº 210, do 31.10.2012 e DOG nº 240, do 18.12.2012) e as específicas (2ª Fase), aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións do 05.12.2013 e 13.12.2013 e publicadas no DOG nº 245, do 24.12.2013 e no BOP nº 240, do 16.12.2013. Estaban dispoñibles na sede electrónica do Concello de Vigo no sitio: <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/oferta.jsp?id=27&lang=ga>

I.3. De acordo co disposto na Base xeral Oitava (Apdo. 8.4.1), «as resolucións do órgano de selección vinculan a Administración, sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder á súa revisión, conforme o previsto no artigo 102 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común» (hoxe, Arts. 106 e ss. L.39/2015). Contra as

resolucións e actos do órgano de selección e os seus actos de trámite cualificados poderanse interpoñer os recursos que legalmente procedan en dereito.

I.4. Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro xeral municipal o 09.11.2016 (Doc. nº 160151570) interpúxose por parte das *“seccións sindicais CIG e CC.OO. do Concello de Vigo”* recurso de alzada contra a *“resolución”* relativa á *“forma de execución das probas tipo Test realizadas a os aspirantes”*, por entender que non se axusta a Dereito *“porque non se respetaron as esixencias de anonimato no trámite de corrección de probas”*. Solicítase que *“se dicte resolución pola que se retrotraia o procedemento para a repetición da proba recurrida conforme os preceptos legais”*.

Consta, coa mesma data, a presentación de idéntico escrito de recurso perante o Servizo de RR.HH. deste Concello (Doc. nº 160151575).

I.5. A documentación completa deste proceso selectivo, tramitado co Exp. nº 28567/220, foi xa entregada ó Servizo de RR.HH. o 16.11.2016.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- RDLex.5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
- D.Lex.1/2008, do 13 de marzo, Texto Refundido da Lei da función pública Galicia.
- L.2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- D.896/1991, do 7 de xuño de 1991, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Admón. local.
- RD.364/1995, do 10 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Admón. Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción profesional dos funcionarios civís da AXE.
- Bases xerais OEP 2010-2011 do Concello de Vigo (Xunta de Goberno Local 14.09.2012; BOP nº 210, do 31.10.2012 e DOG nº 240, do 18.12.2012).

- Bases específicas – 2ª Fase (Xunta de Goberno Local 05.12.2013 e 13.12.2013; DOG nº 245, do 24.12.2013 e BOP nº 240, do 16.12.2013).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Prescribe o Art. 121 da LPACAP que as resolucións e actos a que se refire o seu Art. 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada perante o órgano superior xerárquico do que os ditou. Para estes efectos, os Tribunais e órganos de selección do personal ó servizo das Administracións Públicas consideraranse dependentes do órgano ó que estean adscritos ou, no seu defecto, do que nombrase ó seu Presidente. O recurso poderá interpoñerse perante o órgano que ditou o acto que se impugna ou perante o competente para resolvelo. No primeiro caso, o órgano que ditou o acto impugnado deberá remitilo ó competente no prazo de dez días, co seu informe e copia completa e ordenada do expediente.

III.2. O prazo para a interposición do recurso de alzada será dun (1) mes se o acto é expreso. Noutro caso, poderá interpoñerse en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres (3) meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderase entender desestimado, agás no suposto previsto no Art. 24.1 3º pfo. da LPACAP.

Contra a resolución dun recurso de alzada no caberá ningún outro recurso administrativo, a non ser o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP (Art. 122 LPACAP).

III.3. Segundo o disposto na Base xeral Oitava (Apdo. 8.1) das que rexeron o proceso selectivo, correspóndelles ós secretarios dos Órganos de selección as funcións de asesoramento legal, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos «*informe xurídico en relación cos recursos administrativos que se poidan presentar contra os actos e acordos do órgano de selección*».

III.4. En virtude das Instrucción do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal do 01.12.2015 (XGL do 04.12.2015) e da Resolución do mesmo órgano do 26.08.2016 (BOP nº 239, do 11.12.2015 e BOP nº 167, do 01.09.2016), o TAX que asina foi nomeado secretario do Órgano para a selección e proposta de nomeamento como funcionario dun Cabo de Extinción de Incendios incluído na OEP 2010-2011 do Concello de Vigo (2ª Fase). Correspóndelle, polo tanto, a emisión do informe xurídico relativo ó recurso administrativo interposto.

III.5. O recurso de alzada presentado polas “*seccións sindicais CIG e CCOO do Concello de Vigo*” diríxese contra un *acto* do Órgano de selección como foi a práctica da primeira proba da fase de oposición (exame test), o 10.10.2016, de forma “*non anónima*”. O recurso estaría presentado en prazo e por suxeitos lexitimados para o efecto pero adolece dalgúns defectos formais que deberían ser subsanados (Arts. 115 e ccdtes. LPACAP): carece de indicación de lugar, data e enderezo de notificación, non foi asinado por ninguén nin está acreditada a representación, figurando unicamente estampillados nel os respectivos selos daquelas dúas seccións sindicais.

III.6. En aplicación do Art. 118.1 e 2 da LPACAP, existindo outros interesados, daráselles en todo caso traslado do recurso presentado para que nun prazo non inferior a 10 días nin superior a 15, poidan alegar o que estimen procedente.

III.7. Entrando no fondo do asunto, advírtese que toda a argumentación do recurso interposto consiste na reprodución literal da Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra nº 574 do 31.05.2004, confirmada en casación por Sentencia do Tribunal Supremo do 19.01.2009, que anulou a Resolución do *Departamento de Presidencia, Justicia e Interior* do Goberno de Navarra, desestimatoria do recurso dealzada polo que unha opositora solicitaba que se declarase a invalidez da primeira proba, tipo test, realizada no proceso de oposición levado a cabo para cubrir nove prazas de encargado/a de biblioteca e condenou á Admón. demandada a repetir os exercicios do procedemento de selección.

Os recorrentes pretenden trasladar automaticamente os razonamentos e o fallo desa sentenza ó proceso selectivo levado a cabo neste Concello para a provisión, por promoción interna e mediante concurso-oposición, dunha praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS correspondente á OEP 2010-2011.

A seguir, tentaremos demostrar que a realización e corrección do exercicio test sen anonimato carece dos efectos anulatorios ou invalidantes pretendidos polos autores do recurso.

III.8. A Base xeral Décimo sétima (*"Incidencias"*) establece, reproducindo o Art. 4 pfo. 2ºc] do D.896/1991, do 7 de xuño de 1991, que: «O órgano de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para garantir a transparencia da selección, *procurando, na medida do posible, o anonimato dos/as aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas*».

Nas Bases específicas da praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS unicamente se prevé para a realización do primeiro exercicio (Test) da fase de oposición que: *«consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas. O cuestionario será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuará as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos»* (Base VI).

É certo que existen diversos pronunciamentos xurisprudenciais no sentido de que esa indicación relativa ó anonimato na realización das probas selectivas previstas (*«procurar, na medida do posible...»*) non é imprescindible que veña recollida expresamente nas Bases para que sexa de aplicación. Pero tamén é certo que esa garantía de anonimato pode ter maior ou menor relevancia ou ningunha, dependendo do tipo de proba de que se trate.

Así, en efecto, poderíamos establecer a seguinte diferenciación:

a) Para aqueles exercicios nos que a puntuación dos membros do Órgano de selección puidese verse influída, por pouco que sexa, consciente ou inconscientemente,

polo coñecemento da identidades dos aspirantes, debería resultar obrigada a súa realización e corrección de forma anónima.

b) Naqueles exercicios nos que está prevista a súa realización por escrito e posterior lectura en sesión pública perante o Órgano de selección (como foi o caso do 2º exercicio desta oposición), obviamente non resulta de aplicación ese anonimato; prevalecendo lexitimamente as garantías de transparencia e publicidade deste tipo de probas.

c) Nos exercicios tipo test é posible a súa realización e corrección de forma anónima, certo, pero non facelo así non supón ningunha irregularidade que inexorablemente vicie o seu resultado final.

Así, na Sentencia do Tribunal Supremo do 31.01.2006 acéptase, como xa fixera o Tribunal de instancia (STSX de Galicia do 12.09.2001) que non exercicio tipo test o feito de que non se realizase de forma anónima no habería de ter importancia, precisamente “por ser tipo test y haberse corregido a través de una plantilla única y no constar que ésta hubiese sido realizada después de conocer los resultados del ejercicio y la identidad de sus autores”; sí resultaría en cambio trascendente o anonimato, entende o Tribunal, no caso do segundo exercicio do proceso selectivo impugnado naquela litis (supostos prácticos) “y como consecuencia con influencia en los que le siguen, por tanto, la anulación del procedimiento de selección habrá de entenderse a partir de dicho ejercicio, que habrá de repetirse así como lo que le sigue...”.

O Tribunal Supremo ratifica expresamente o criterio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, afirmando que: “El Tribunal de instancia estima que el anonimato debió hacerse para evitar cualquier influencia, siquiera de modo subconsciente, en el resultado de la calificación y, si bien reconoce que ningún efecto produjo la identificación de los opositores durante el primer ejercicio, estima que esta circunstancia era relevante en el segundo ejercicio”.

Así pois, non existe unha liña xurisprudencial única nesta materia e, xunto con sentenzas como as invogadas de contrario polos recorrentes, existen outras que analizan máis polo míúdo o asunto e, considerando as características propias deste tipo de exames, conclúen declarando a intrascendencia da realización anónima ou non dos test, aínda que, efectivamente, aconsellen ás Admóns. públicas o anonimato tamén nestas probas.

En efecto, tal como recoñeceu expresamente en 2015 unha institución encargada de defender os dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución como é o VALEDOR DO POBO:

«...existen discrepancias na xurisprudencia sobre o carácter invalidante derivado da consignación da identificación do aspirante. Entre outros, e a modo de exemplo, o Tribunal Superior de Justicia de Cataluña desestima a invalidación dunha proba tipo test na que constaba o nome completo do aspirante. Fundamenta a súa decisión sinalando que a identificación persoal é necesaria para evitar suplantacións de personalidade ou de acreditación sobre a quén pertencen as respostas, non supoñendo tal actuar vulneración dos principios constitucionais dado que o test é unha proba que se corrixe automaticamente e non en base a criterios subxectivos do examinador. A corrección deste tipo de exames limítase á aplicación dunha plantilla, de tal modo que resulta

indiferente para o Tribunal coñecer o nome ou non dos partícipes debido a que a súa capacidade de decisión ou discrecionalidade está absolutamente vinculada a tal plantilla, sen que poida beneficiar ou prexudicar o feito de coñecer previamente o autor do exame» (Recomendación ó Concello de Valga; Exp. nº A.Q.4 13404/15).

III.9. No caso do concurso-oposición á praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, o segundo exercicio da oposición consistiu en desenvolver por escrito, no tempo máximo dunha (1) hora, un (1) suposto teórico-práctico relacionado coas funcións propias asignadas ó posto e co temario específico da convocatoria. Os aspirantes debían expoñer os seus exercicios perante o Órgano de selección en sesión pública (Base específica VI). Como dixemos antes, non lle resultaba aplicable a regra do anonimato; cuestión que tampouco é discutida polos recorrentes.

III.10. Á marxe do que vemos de sinalar a respecto da intrascendencia no resultado obxectivo da realización ou non de forma anónima do exame tipo test, amosaremos de forma gráfica e sintética as diferencias existentes entre o test impugnado por unha opositora en Navarra (obxecto da STSJ de Navarra do 31.05.2004 e da STS do 19.01.2009) e o realizado no primeiro exercicio da fase de oposición da praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, no que se pon de manifesto as maiores garantías reais de obxectividade, imparcialidade, transparencia e publicidade observadas na proba realizada neste Concello:

TEST ENCARGADO/A BIBLIOTECA (NAVARRA)	TEST CABO EXTINCIÓN DE INCENDIOS (VIGO)
Permitíuseles ós/ás aspirantes a utilización de líquido corrector “típex” para correxir/modificar as súas respostas.	Non se permitiu a utilización de ningún tipo de instrumento que puidese afectar á intanxibilidade dos exercicios, nin na realización dos mesmos nin na súa posterior corrección.
Non se lles permitiu ós/ás aspirantes levarse unha copia dos exercicios.	Permitíuselle ós aspirantes anotar as súas respostas en papel para que puidesen posteriormente verificar por sí mesmos a corrección do resultado a partir da publicación oficial da plantilla (facilitáronse follas en branco a todos os que as solicitaron).
Non se fixeron públicas as respostas válidas do test.	A plantilla de corrección do test foi elaborada previamente polo Órgano de selección e publicada simultaneamente cos resultados desta proba no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e no sitio web https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/plaza.jsp?id=188&lang=ga

III.11. Parécenos tamén relevante reseñar o proceso de elaboración do exame test dos aspirantes á praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS e, en especial, as garantías observadas.

Tal como consta na Acta nº 3 do Órgano de selección, entre as 16:30h e as 18:00h do mesmo día de realización da proba (10.10.2016) elaborouse, a porta pechada, o citado cuestionario (en galego e castelán) coas 101 preguntas achegadas polos seus membros en dispositivos de almacenamento de datos (pen drive). Acordouse por unanimidade fixar o número de preguntas en 40, con catro respostas alternativas e 5 preguntas de reserva, e un tempo máximo de 50 minutos para realizar esta proba. Decidiuse tamén que no test se inclúsen 9 preguntas da parte xeral (os 3 primeiros temas) e 31 da parte específica (temas 4-10) e que as 5 preguntas de reserva correspondesen exclusivamente á parte específica.

As preguntas foron numeradas (en soporte informático) e introducidos os números (en papel) nun sobre, sendo escollidas ó chou polo Sr. Secretario. Substituíronse aquelas que incorrían en duplicidade/reiteración ou que poderían resultar confusas ou non axustadas ó programa, procurando que o test abordase a maioría das materias do temario incluído nas Bases. As preguntas finalmente escollidas foron as identificadas cos números 1,3,9,10,14,16,19,22,23,26,28,33,34,36,37,40,41,42,43,44,46,47,48,50,51,53,54,56,57,58,60,64,65,67,68,73, 74,77,81,88,93,95,96,98 e 101.

Os exercicios foron imprimidos, en presenza do Sr. Secretario, polas funcionarias que prestaron asistencia administrativa ó Tribunal na impresora do Servizo de RR.HH. do Concello inmediatamente antes do inicio da proba e custodiados por aquél ata a súa entrega ós aspirantes.

Constan en anexo a esa Acta nº 3 (en formato papel), orixinais do exercicio proposto coa plantilla de corrección, debidamente asinados por todos os membros do Órgano de selección.

III.12. Suliñaremos, ademais, que os tests dos aspirantes á praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS foron obxecto de dobre corrección e comprobación por parte dos membros dun Órgano de selección integrado por dous TAX – licenciados en Dereito, dous Cabos dos respectivos SEIS dos Concellos de Vigo e Santiago de Compostela e un enxeñeiro técnico industrial. Os exercicios foron distribuídos de forma aleatoria entre eles e corrixidos cada un por dous membros do Órgano, a fin de garantir a exactitude do resultado final.

III.13. No anuncio no que se publicaron os resultados do test (11.10.2016; 13:46h) concedeuselhes ós aspirantes un prazo de tres (3) días hábiles para a presentación de alegacións. Durante ese prazo unicamente se formularon dúas, relativas a preguntas concretas do exame. En ningún momento e por ningún dos sete (7) aspirantes presentados formulouse queixa ou reparo ningún á forma “non anónima” de practicar ese primeiro exercicio da oposición.

O test realizouse o 10.10.2016 e o seu cuestionamento formal prodúcese un (1) mes máis tarde, unha vez rematadas todas as probas selectivas (fase de concurso e fase de oposición), coñecidos os resultados finais e realizada polo Tribunal a correspondente proposta de nomeamento ó órgano resolutorio (Xunta de Goberno Local).

III.14. Con independencia do anterior, chama a atención que se esa “*garantía de anonimato*” fose, como se postula, unha esixencia absoluta (sen consideración

ningunha do tipo de proba de que se trate nin da súa incidencia real no resultado) con tan graves consecuencias anulatorias e mesmo con relevancia constitucional, só veña recollida nunha mera norma regulamentaria como é o RD.896/1991, de aplicación exclusiva á Admón. local e só complementaria, por certo, na selección dos funcionarios dos Corpos de Policía Local e de Bombeiros, que se rexerá por esa norma «*en canto non se opoña á súas normas específicas*» (Disp. Adic. 3ª RD.896/1991).

En efecto, no posterior RD.364/1995, do 10 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Admón. Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción profesional dos funcionarios civís da AXE, nada, absolutamente nada, se dí ó respecto.

Tampouco nada se establece sobre o anonimato destas probas selectivas na normativa galega sobre selección do persoal ó servizo da Admón. autonómica (D.95/1991, do 20 de marzo) nin na lexislación xeral sobre a función pública de Galicia (D.Lex.1/2008, L.2/2015...).

Non se comprende a razón de que se esa *garantía* ten un carácter tan fundamental só semellaría ter relevancia nos procedementos de selección do persoal ó servizo da Admón. local, de forma que o mesmo exercicio, con identificación dos aspirantes, sería teoricamente válido nun proceso selectivo na AXE ou na Admón. autonómica e inválido na Admón local.

III.15. Do mesmo xeito, resulta paradóxico que se pretenda anular o resultado dunha proba de valoración totalmente obxectiva como é un test correxido cunha plantilla única previamente elaborada e posteriormente publicada, na que a identificación dos aspirantes é irrelevante e só pretende garantir a exacta correspondencia dos exercicios cos seus autores e, en cambio, acéptase pacificamente que no segundo exercicio, onde sí pode existir un compoñente de subxectividade (consciente ou inconsciente) na valoración dos exames, non se esixa ese *anonimato*.

Podería argumentarse, como así se fai, por exemplo, na STSJ de Navarra do 27.07.1993 que neses casos a notoriedade da lectura pública «*asegura la imposibilidad de atribuir al aspirante méritos que no sean exhibidos por él mismo*». Pero do mesmo xeito e con maior fundamento poderíamos afirmar que a corrección obxectiva (sen valoración subxectiva posible) dun exame tipo test realizada naquelas condicións, isto é, axustada ás Bases e cunha plantilla previamente elaborada antes de coñecer a identidade dos aspirantes e o resultado da proba, garante plenamente a igualdade de oportunidades dos aspirantes, a actuación imparcial do Órgano de selección e a obxectividade das puntuacións outorgadas.

Nos exames tipo test non existe valoración subxectiva nin, polas súas propias características, é posible a atribución ó aspirante de *méritos que non sexan exhibidos por el mesmo*: as respostas ou son acertadas ou son incorrectas ou non son (preguntas non respostadas).

O certo é que, con esas garantías, o resultado dos tests dos aspirantes á praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS tería sido exactamente o mesmo que se fose realizado de forma anónima. Ó noso xuízo, isto é o verdadeiramente relevante da controversia.

Como acertadamente sinalaba o Tribunal Supremo naquela súa Sentencia do 31.01.2006 (FD 3º):

«...los efectos jurídicos de la comisión de posibles vicios formales en estos procedimientos dependen de la incidencia que razonablemente puedan tener sobre el fondo del asunto, pues no tiene sentido anular un acto para subsanar sus defectos formales si la decisión que después se va a tomar, va a coincidir con la primera resolución antes de ser anulada...».

Tamén o VALEDOR DO POBO concluíu naquela Recomendación antes citada (Exp. nº A.Q.4 13404/15) que, con ser preferible a realización anónima de todas as probas selectivas, sempre e cando sexa posible pola natureza e características do exercicio, no caso examinado (proba tipo test):

«...dado que o exame tipo test é corrixido de xeito automático en función dunha plantilla (e non ter opción a posibles rectificacions), non resulta invalidado pola consignación da identidade dos aspirantes ao non producirse indefensión dos interesados. Así, neste suposto, pode apreciarse unha irregularidade non invalidante».

III.16. A futuro, entendemos que esa Recomendación dirixida a “*garantir dunha forma máis completa e perfecta o anonimato dos participantes*” debería incorporarse expresamente ó texto das Bases que rexan os seguintes procesos selectivos nesta Admón., non limitándose a transcribir nun mero apartado de “*Incidencias*”, como sucede nas da OEP 2010-2011 (Base xeral Décimo sétima), a literalidade do Art. 4 pfo. 2ºc] do D.896/1991. Establecendo a obrigatoriedade da realización e corrección anónima das probas (agás a dos exercicios que deban ser obxecto de lectura pública) evitaríanse, como sucedeu e sucede na actualidade, a diversidade de criterios de actuación por parte dos Órganos de selección designados.

III.17. Polo que antecede, conclúese que sería conforme a Dereito a desestimación expresa do recurso de alzada obxecto deste informe. En todo caso, o órgano resolutorio (Xunta de Goberno Local) decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.

Tal é o informe xurídico que emito en cumprimento do previsto na LPACAP e na Base xeral Oitava (Apdo. 8.1) e que someto gustosamente a calquera outra opinión mellor fundada en Dereito».

En consecuencia, á vista do informado polo Secretario do Órgano de selección, polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, formúlase á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar expresamente o recurso de alzada formulado en data 09.11.2016 (Doc. nº 160151570) polas “*seccións sindicais CIG e CC.OO. do Concello de Vigo*” contra a “*resolución*” relativa á forma de execución das probas tipo Test realizadas ós aspirantes á praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (OEP 2010-2011) a teor do informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección de data 22.12.2016.

SEGUNDO: Notificar este acordo ós interesados con indicación de que contra a resolución dun recurso de alzada no caberá ningún outro recurso administrativo, a non ser o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP (Art. 122 LPACAP). Así mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(67).- RECURSO DE ALZADA PRESENTADO POR D. VICENTE APARICIO GONZÁLEZ CONTRA A FORMA DE REALIZACIÓN DO EXAME TIPO TEST E A VALORACIÓN DE MÉRITOS NA FASE DE CONCURSO DAS PRAZAS DE CABO SEIS DA OEP 2010-2011. EXPTE. 29300/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18/01/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Consta no Expediente de referencia informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección dun Cabo do SEIS do Concello de Vigo (OEP 2010 – 2011), asinado con data 22.12.2016, que é do seguinte teor literal:

«INFORME XURÍDICO

«1.1. Unha vez rematadas todas as probas previstas, o Órgano encargado de seleccionar mediante concurso – oposición a un CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (OEP 2010-2011) acordou por unanimidade, na súa sesión do 07.11.2016, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a seguinte proposta:

«Propoñer o nomeamento como funcionario en prácticas, unha vez que achegue toda a documentación esixida nas Bases e con cargo a unha praza vacante de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, enmarcada no grupo C2 de titulación; escala de Admón. especial; subescala servizos especiais; clase extinción de incendios; categoría, cabo, que figura incluída na Oferta de Emprego Público 2010-2011 do Concello de Vigo, ó aspirante nº 9, D. FRANCISCO JAVIER RIVERO ÁLVAREZ (DNI. 36.108.569-H), que foi o que acadou a maior puntuación de todos os presentados, obtendo un total de

23,00 puntos. Deberá superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración como máximo antes do seu nomeamento definitivo (Base específica VII)».

I.2. Foron de aplicación a este proceso selectivo as bases xerais da OEP 2010-2011 do Concello de Vigo aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 14.09.2012 (BOP nº 210, do 31.10.2012 e DOG nº 240, do 18.12.2012) e as específicas (2ª Fase), aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións do 05.12.2013 e 13.12.2013 e publicadas no DOG nº 245, do 24.12.2013 e no BOP nº 240, do 16.12.2013. Estaban dispoñibles na sede electrónica do Concello de Vigo no sitio: <https://sede.vigo.org/expedientes/ oposicions/oferta.jsp?id=27&lang=ga>

I.3. De acordo co disposto na Base xeral Oitava (Apdo. 8.4.1), «as resolucións do órgano de selección vinculan a Administración, sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder á súa revisión, conforme o previsto no artigo 102 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común» (hoxe, Arts. 106 e ss. L.39/2015). Contra as resolucións e actos do órgano de selección e os seus actos de trámite cualificados poderanse interpoñer os recursos que legalmente procedan en dereito.

I.4. Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro xeral municipal o 16.11.2016 (Doc. nº 160154941) interpúxose por parte de D. Vicente Aparicio González (DNI nº 36.132.363-F) recurso de alzada contra a realización do exame tipo test e a valoración de méritos realizada na fase de concurso. Solicita que se estime no sentido de valorar a titulación de “Mestrado Integrado em Arquitectura e Urbanismo” que posúe como “*outras titulacións do mesmo nivel que o esixido para o ingreso na praza, como mínimo, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións dos postos aos que se poida adscribir a praza...*”.

I.5. A documentación completa deste proceso selectivo, tramitado co Exp. nº 28567/220, foi xa entregada ó Servizo de RR.HH. O 16.11.2016.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).

- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- RDLex.5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
- D.Lex.1/2008, do 13 de marzo, Texto Refundido da Lei da función pública Galicia.
- L.2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- D.896/1991, do 7 de xuño de 1991, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Admón. local.
- RD.364/1995, do 10 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Admón. Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción profesional dos funcionarios civís da AXE.
- Bases xerais OEP 2010-2011 do Concello de Vigo (Xunta de Goberno Local 14.09.2012; BOP nº 210, do 31.10.2012 e DOG nº 240, do 18.12.2012).
- Bases específicas – 2ª Fase (Xunta de Goberno Local 05.12.2013 e 13.12.2013; DOG nº 245, do 24.12.2013 e BOP nº 240, do 16.12.2013).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Prescribe o Art. 121 da LPACAP que as resolucións e actos a que se refire o seu Art. 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada perante o órgano superior xerárquico do que os ditou. Para estes efectos, os Tribunais e órganos de selección do personal ó servizo das Administracións Públicas consideraranse dependentes do órgano ó que estean adscritos ou, no seu defecto, do que nombrase ó seu Presidente. O recurso poderá interpoñerse perante o órgano que ditou o acto que se impugna ou perante o competente para resolvelo. No primeiro caso, o órgano que ditou o acto impugnado deberá remitilo ó competente no prazo de dez días, co seu informe e copia completa e ordenada do expediente.

III.2. O prazo para a interposición do recurso de alzada será dun (1) mes se o acto é expreso. Noutro caso, poderá interpoñerse en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres (3) meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderase entender desestimado, agás no suposto previsto no Art. 24.1 3º pfo. da LPACAP.

Contra a resolución dun recurso de alzada no caberá ningún outro recurso administrativo, a non ser o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP (Art. 122 LPACAP).

III.3. Segundo o disposto na Base xeral Oitava (Apdo. 8.1) das que rexeron o proceso selectivo, correspóndelles ós secretarios dos Órganos de selección as funcións de asesoramento legal, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos *«e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que se poidan presentar contra os actos e acordos do órgano de selección»*.

III.4. En virtude das Instrucción do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal do 01.12.2015 (XGL do 04.12.2015) e da Resolución do mesmo órgano do 26.08.2016 (BOP nº 239, do 11.12.2015 e BOP nº 167, do 01.09.2016), o TAX que asina foi nomeado secretario do Órgano para a selección e proposta de nomeamento como funcionario dun Cabo de Extinción de Incendios incluído na OEP 2010-2011 do Concello de Vigo (2ª Fase). Correspóndelle, polo tanto, a emisión do informe xurídico relativo ó recurso administrativo interposto.

III.5. A pesar de que no escrito de recurso do Sr. Aparicio impúgnase tanto a realización de forma *“non anónima”* da primeira proba tipo test da fase de oposición como a valoración concreta de méritos realizada no seu caso na fase de concurso, na súa solicitude dirixe o recurso, especificamente, *“contra la resolución de 27/10/2016 del Tribunal para la plaza convocada de cabo de extinción de incendios y se estime en el sentido de valorar la titulación de referencia como “outras titulacións do mesmo nivel que o esixido para o ingreso na praza, como mínimo, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións dos postos aos que se poida adscribir a praza...”*.

III.6. En aplicación do Art. 118.1 e 2 da LPACAP, existindo outros interesados, daráselles en todo caso traslado do recurso presentado para que nun prazo non inferior a 10 días nin superior a 15, poidan alegar o que estimen procedente.

III.7. Aclárase que na sesión do 27.10.2016 o Órgano de selección acordou resolver as alegacións formuladas á realización da 1ª proba (test) por algúns dos aspirantes no prazo de tres (3) días hábiles concedido para o efecto no anuncio inserido o 11.10.2016 no taboleiro oficial da Casa do Concello e na web municipal. Tal como consta na Acta nº 4, a alegación extemporánea do Sr. Aparicio foi examinada e resolta expresamente nos seguintes termos:

«ALEGACIÓN Nº 2:

1) Vicente Aparicio González (Rexistro xeral 14.10.2016; Doc. Nº 160137247 e 04.10.2016, Doc. Nº 160132359):

- Contido da(s) alegación(s): o aspirante, Sr. Aparicio Vicente, presentara o 04.10.2016 unha alegación no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 160132359), solicitando a revisión da puntuación que lle foi outorgada polo Órgano de selección no apartado de titulacións académicas, *“por no haberme sido puntuado el título universitario de arquitectura al entender el tribunal que no tiene homologación a nivel español”*. O

14.10.2016 presenta un novo escrito (Doc. Nº 160137247), co que se achega copia do documento oficial do Ministerio de Fomento (Orde da Ministra de Fomento do 23.07.215) de recoñecemento da titulación de “Mestrado Integrado em Arquitectura e Urbanismo” expedido pola “Escola Superior Gallaecia” de Vilanova de Cerveira (Portugal) a nome do interesado e engade á súa reclamación inicial a solicitude de que sexa valorada na fase de concurso deste proceso selectivo como titulación que ten relación directa coas funcións do posto de traballo segundo a RPT (Apdo. 3.2 de titulacións académicas).

- Resposta: En primeiro lugar, lembrar que o anuncio co resultado da fase de concurso deste proceso selectivo foi inserido no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello de Vigo o 29.09.2016. Nese mesmo anuncio dábase ós aspirantes un prazo de tres (3) días hábiles para a presentación de alegacións, contado desde o día seguinte á súa publicación (finalizaba o 03.10.2016), polo que a alegación do Sr. Aparicio debería ser considerada extemporánea e, en consecuencia, inadmitida.

En todo caso, de entrar no fondo da mesma, os membros deste Órgano de selección consideran, por unanimidade, que dita alegación debería ser desestimada porque, á marxe das dúbidas iniciais sobre a homologación ou equivalencia do título universitario da “Escola Superior Gallaecia” de Vilanova de Cerveira (Portugal) e, fundamentalmente, sobre a forma de acreditar documentalmente esa titulación dunha Universidade estranxeira (lémbrese que antes de que se achegase polo interesado aquel documento do Ministerio de Fomento só constaba no seu expediente un “Certificado académico” de que *«concluiu com êxito, no dia 31 de Julho de 2011, o 1º Ciclo de Estudos em Estudos Superiores de Arquitetura...»*), o certo é que o subapartado de titulacións académicas superiores á esixida para o acceso á praza, polo que só é posible a concesión dun (1) punto (Base 12ª, Apdo. 12.2.c].3.1), quedou completado coa primeira das titulacións do Sr. Aparicio examinadas polo tribunal: a de «Técnico Deportivo en Snowboard» (Grao medio, segundo nivel), de acordo coa regulación contida no D.29/2007, do 29 de marzo, do Principado de Asturias, *“por el que se establecen los currículos y se regulan las pruebas y requisitos de acceso específicos correspondientes a los Títulos de Técnico Deportivo y de Técnico Deportivo Superior en las especialidades de los Deportes de Invierno en el Principado de Asturias”* (BOPA nº 90, do 19.04.2007).

A respecto da posterior solicitude de que polo Órgano de selección se considere incluída a súa titulación universitaria (“Mestrado Integrado em Arquitectura e Urbanismo”) no subapartado 3.2. (Base 12ª, Apdo. 12.2.c]) doutras *“titulacións do mesmo nivel que o esixido para o ingreso na praza, como mínimo, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións dos postos aos que se poida adscribir a praza segundo a RPT vixente”*, debe ser igualmente rexeitada porque, con independencia das distintas interpretacións que podería abeirar a redacción dese subapartado das Bases, a xuízo deste Órgano resulta incuestionable que esa titulación en arquitectura e urbanismo non ten relación directa coas funcións propias da praza de Cabo de Extinción de Incendios do SEIS do Concello de Vigo. En

efecto, de acordo coa «Guía de Funcións» desta praza, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do 21.05.2009 (xúntase copia), as funcións asociadas a este posto son:

Guía de Funcións



Concello de Vigo

IDENTIFICACIÓN DO POSTO

GRUPO	C1
NOME DO POSTO	CABO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS
DATA DE APROBACIÓN	ACORDO XUNTA GOBERNO LOCAL DO 21 DE MAIO DE 2009

RELACION DE FUNCIONS ASOCIADAS AO POSTO

Realizará as funcións e actividades competencia da súa titulación e especialidade profesional, ou ben da súa formación teórico-práctica e propias do seu servizo, respectando o código deontolóxico, de se-lo caso, tales como:

Realizar labores propias da súa función e contempladas no regulamento do Servizo e demais disposicións legais.

Colaborar na formación teórico-práctica do persoal.

Velar pola conservación, mantemento e limpeza do seu equipo persoal e do material ó seu cargo.

Manexar equipos, material, etc., propios do servizo e velar pola súa correcta utilización.

Dar coñecemento durante o relevo de quendas das novidades e incidencias, verbalmente e por escrito.

Elabora-los informes de tódolos sinistros que se produzan na súa tanda, cando sexa o máximo responsable da intervención ou cando sexa en colaboración con outros mandos.

Responsabilizarse da eficacia, produtividade e uniformidade do persoal ó seu cargo, así como do material utilizado.

Cumprir e facer cumpri-lo Regulamento do Servizo e demais disposicións legais relacionadas co servizo.

Substituír ó sarxento en ausencia deste.

Deberá permanecer localizable, fora da súa tanda de traballo, ó fin de que nos casos

de emerxencia imprevisible se poida incorporar ó servizo coa máxima urxencia.

Mante-lo reciclaxe continuo ó obxecto de manter tanto a forma física, imprescindible para realiza-las súas funcións, así como as técnicas profesionais e procedementos necesarios para desenvolverse de maneira eficiente no seu posto, dentro dos medios que a Administración dispoña.

Efectuar propostas de mellora ós seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo.

En xeral, calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerarquico, en relación co servizo e coa súa categoría.

Ademais, de acordo co *Regulamento do Servizo* que se cita nesa «Guía de Funcións», constituído polo «Regulamento do Servizo e Extinción de Incendios do Concello de Vigo» (Pleno do 02.03.1998; BOP do 07.04.1998) as funcións propias do Cabo son (Art. 17):

- I) *«Realizar gardas nos parques ou dependencias do departamento, alternándose entre os da súa categoría.*
- II) *Asistir ós sinistros que se lle ordene, emitindo un informe naqueles casos en que actúe como xefe da dotación.*
- III) *Na súa calidade de primeiro nunha dotación, pasará revista ó final do sinistro, resolvendo ou comunicando os seus superiores no caso de anomalías, para que a unidade ó seu mando poida proseguir-lo servizo, así como no momento do relevo, dándolle as novidades correspondentes o seu inmediato superior.*
- IV) *Estar ó mando dunha dotación de ata catro bombeiros e un conductor-bombeiro, un vehículo e equipo asignado.*
- V) *Dar coñecemento durante o relevo á próxima quenda de tódalas novidades e incidencias que se produzan.*
- VI) *Asumi-las funcións do sarxento en caso de ausencia daquel nas misións que lle competan.*
- VII) *Colaborar cos sarxentos na formación de todo o persoal.*
- VIII) *Coñecer tódolos medios, así como o funcionamento de tódalas máquinas, instalacións e equipos sendo responsable do coñecemento de todo o anterior polo persoal a él asignado.*
- IX) *Cando sexa o máximo responsable nunha intervención deberá dirixi-lo persoal ás súas ordes e intervir no mesmo.*
- X) *Cumprir e facer cumprir-lo presente regulamento».*

Como pode comprobarse, ningunha das funcións oficiais dos Cabos de Extinción de Incendios enumeradas na súa «Guía de Funcións» e no *Regulamento do Servizo* garda relación directa coa titulación en arquitectura e urbanismo que se pretende facer valer por este aspirante na valoración da fase de concurso.

- Aclárase finalmente que nas Bases xerais (Base 12ª, Apdo. 12.2.c].3.2) non se valora en abstracto ou de forma xenérica a posible relación da titulación obxecto de valoración coa praza de que se trate, senón a relación directa coas funcións propias da praza; neste caso, a de Cabo de Extinción de Incendios que, como vemos de comprobar, non inclúe ningunha directamente relacionada coa titulación en arquitectura e urbanismo invogada polo Sr. Aparicio.

Polo anteriormente exposto, o Órgano de selección acorda, por unanimidade, inadmitir por extemporánea esta alegación; alegación que, en todo caso, debería ser tamén desestimada polas razóns apuntadas e ratificarse na puntuación outorgada ó alegante na fase de concurso de acordo co baremo de méritos establecido nas bases xerais, que foi a seguinte:

N ^o	APELIDOS	NOME	DNI	ANTI-GÜI-DA-DE	CURSOS FORMACIÓN	TITULACIÓNS		TOTAL PUNTOS
						TITULACIÓN SUPERIOR	TITULACIÓN MESMO NIVEL	
1	APARICIO GONZALEZ	VICENTE	36132363F	3	3	1		7

».

Nada máis cabe engadir ó respecto, agás asumir integramente nesta instancia os argumentos expostos polo Órgano de selección para inadmitir e, subsidiariamente, desestimar tal alegación. Ningún novo argumento achega agora o interesado para desvirtuar os fundamentos daquela decisión.

III.8. Tocante á impugnación da forma de realizar o exame test, invógase polo recorrente a STSX de Galicia do 21.09.2011 e a STS do 19.01.2009, confirmatoria da Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra nº 574 do 31.05.2004, que anulou a Resolución do *Departamento de Presidencia, Justicia e Interior* do Goberno de Navarra, desestimatoria do recurso dealzada polo que unha opositora solicitaba que se declarase a invalidez da primeira proba, tipo test, realizada no proceso de oposición levado a cabo para cubrir nove prazas de encargado/a de biblioteca e condenou á Admón. demandada a repetir os exercicios do procedemento de selección.

O recorrente pretende trasladar automaticamente os razonamentos e o fallo desas sentenzas ó proceso selectivo levado a cabo neste Concello para a provisión, por promoción interna e mediante concurso-oposición, dunha praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS correspondente á OEP 2010-2011.

A seguir, tentaremos demostrar que a realización e corrección do exercicio test sen anonimato carece dos efectos anulatorios ou invalidantes pretendidos polos autores do recurso.

III.9. A Base xeral Décimo sétima (*"Incidencias"*) establece, reproducindo o Art. 4 pfo. 2ºc] do D.896/1991, do 7 de xuño de 1991, que: «O órgano de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para garantir a transparencia da selección, *procurando, na medida do posible, o anonimato dos/as aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas*».

Nas Bases específicas da praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS unicamente se prevé para a realización do primeiro exercicio (Test) da fase de oposición que: «*consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas. O cuestionario será elaborado polo órgano de*

selección inmediatamente antes do inicio do exercicio. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuará as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos» (Base VI).

É certo que existen diversos pronunciamentos xurisprudenciais no sentido de que esa indicación relativa ó anonimato na realización das probas selectivas previstas («procurar, na medida do posible...») non é imprescindible que veña recollida expresamente nas Bases para que sexa de aplicación. Pero tamén é certo que esa garantía de anonimato pode ter maior ou menor relevancia ou ningunha, dependendo do tipo de proba de que se trate.

Así, en efecto, poderíamos establecer a seguinte diferenciación:

a) Para aqueles exercicios nos que a puntuación dos membros do Órgano de selección puidese verse influída, por pouco que sexa, consciente ou inconscientemente, polo coñecemento da identidades dos aspirantes, debería resultar obrigada a súa realización e corrección de forma anónima.

b) Naqueles exercicios nos que está prevista a súa realización por escrito e posterior lectura en sesión pública perante o Órgano de selección (como foi o caso do 2º exercicio desta oposición), obviamente non resulta de aplicación ese anonimato; prevalecendo lexitimamente as garantías de transparencia e publicidade deste tipo de probas.

c) Nos exercicios tipo test é posible a súa realización e corrección de forma anónima, certo, pero non facelo así non supón ningunha irregularidade que inexorablemente vicie o seu resultado final.

Así, na Sentencia do Tribunal Supremo do 31.01.2006 acéptase, como xa fixera o Tribunal de instancia (STSX de Galicia do 12.09.2001) que nun exercicio tipo test o feito de que non se realizase de forma anónima no habería de ter importancia, precisamente “por ser tipo test y haberse corregido a través de una plantilla única y no constar que ésta hubiese sido realizada después de conocer los resultados del ejercicio y la identidad de sus autores”; sí resultaría en cambio trascendente o anonimato, entende o Tribunal, no caso do segundo exercicio do proceso selectivo impugnado naquela litis (supostos prácticos) “y como consecuencia con influencia en los que le siguen, por tanto, la anulación del procedimiento de selección habrá de entenderse a partir de dicho ejercicio, que habrá de repetirse así como lo que le sigue...”.

O Tribunal Supremo ratifica expresamente o criterio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, afirmando que: “El Tribunal de instancia estima que el anonimato debió hacerse para evitar cualquier influencia, siquiera de modo subconsciente, en el resultado de la calificación y, si bien reconoce que ningún efecto produjo la identificación de los opositores durante el primer ejercicio, estima que esta circunstancia era relevante en el segundo ejercicio”.

Así pois, non existe unha liña xurisprudencial única nesta materia e, xunto con sentenzas como as invogadas de contrario polo recorrente, existen outras que analizan máis polo míudo o asunto e, considerando as características propias deste

tipo de exames, conclúen declarando a intrascendencia da realización anónima ou non dos test, aínda que, efectivamente, aconsellen ás Admóns. públicas o anonimato tamén nestas probas.

En efecto, tal como recoñeceu expresamente en 2015 unha institución encargada de defender os dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución como é o VALEDOR DO POBO:

«...existen discrepancias na xurisprudencia sobre o carácter invalidante derivado da consignación da identificación do aspirante. Entre outros, e a modo de exemplo, o Tribunal Superior de Justicia de Cataluña desestima a invalidación dunha proba tipo test na que constaba o nome completo do aspirante. Fundamenta a súa decisión sinalando que a identificación persoal é necesaria para evitar suplantacións de personalidade ou de acreditación sobre a quén pertencen as respostas, non supoñendo tal actuar vulneración dos principios constitucionais dado que o test é unha proba que se corrixe automaticamente e non en base a criterios subxectivos do examinador. A corrección deste tipo de exames límitase á aplicación dunha plantilla, de tal modo que resulta indiferente para o Tribunal coñecer o nome ou non dos partícipes debido a que a súa capacidade de decisión ou discrecionalidade está absolutamente vinculada a tal plantilla, sen que poida beneficiar ou prexudicar o feito de coñecer previamente o autor do exame» (Recomendación ó Concello de Valga; Exp. nº A.Q.4 13404/15).

III.10. No caso do concurso-oposición á praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, o segundo exercicio da oposición consistiu en desenvolver por escrito, no tempo máximo dunha (1) hora, un (1) suposto teórico-práctico relacionado coas funcións propias asignadas ó posto e co temario específico da convocatoria. Os aspirantes debían expoñer os seus exercicios perante o Órgano de selección en sesión pública (Base específica VI). Como dixemos antes, non lle resultaba aplicable a regra do anonimato; cuestión que tampouco é discutida polo recorrente.

III.11. Á marxe do que vemos de sinalar a respecto da intrascendencia no resultado obxectivo da realización ou non de forma anónima do exame tipo test, amosaremos de forma gráfica e sintética as diferencias existentes entre o test impugnado por unha opositora en Navarra (obxecto da STSJ de Navarra do 31.05.2004 e da STS do 19.01.2009) e o realizado no primeiro exercicio da fase de oposición da praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, no que se pon de manifesto as maiores garantías reais de obxectividade, imparcialidade, transparencia e publicidade observadas na proba realizada neste Concello:

TEST ENCARGADO/A BIBLIOTECA (NAVARRA)	TEST CABO EXTINCIÓN DE INCENDIOS (VIGO)
Permitiuseles ós/ás aspirantes a utilización de líquido corrector "típex" para correxir/modificar as súas respostas.	Non se permitiu a utilización de ningún tipo de instrumento que puidese afectar á intanxibilidade dos exercicios, nin na realización dos mesmos nin na súa posterior corrección.

Non se lles permitiu ós/ás aspirantes levarse unha copia dos exercicios.	Permitiuselle ós aspirantes anotar as súas respostas en papel para que puidesen posteriormente verificar por sí mesmos a corrección do resultado a partir da publicación oficial da plantilla (facilitáronse follas en branco a todos os que as solicitaron).
Non se fixeron públicas as respostas válidas do test.	A plantilla de corrección do test foi elaborada previamente polo Órgano de selección e publicada simultaneamente cos resultados desta proba no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e no sitio web https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/plaza.jsp?id=188&lang=ga

III.12. Parécenos tamén relevante reseñar o proceso de elaboración do exame test dos aspirantes á praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS e, en especial, as garantías observadas.

Tal como consta na Acta nº 3 do Órgano de selección, entre as 16:30h e as 18:00h do mesmo día de realización da proba (10.10.2016) elaborouse, a porta pechada, o citado cuestionario (en galego e castelán) coas 101 preguntas achegadas polos seus membros en dispositivos de almacenamento de datos (pen drive). Acordouse por unanimidade fixar o número de preguntas en 40, con catro respostas alternativas e 5 preguntas de reserva, e un tempo máximo de 50 minutos para realizar esta proba. Decidiuse tamén que no test se incluísen 9 preguntas da parte xeral (os 3 primeiros temas) e 31 da parte específica (temas 4-10) e que as 5 preguntas de reserva correspondesen exclusivamente á parte específica.

As preguntas foron numeradas (en soporte informático) e introducidos os números (en papel) nun sobre, sendo escollidas ó chou polo Sr. Secretario. Substituíronse aquelas que incorrían en duplicidade/reiteración ou que poderían resultar confusas ou non axustadas ó programa, procurando que o test abordase a maioría das materias do temario incluído nas Bases. As preguntas finalmente escollidas foron as identificadas cos números 1,3,9,10,14,16,19,22,23,26,28,33,34,36,37,40,41,42,43,44,46,47,48,50,51,53,54,56,57, 58,60,64,65,67,68,73,74,77,81, 88,93,95,96,98 e 101.

Os exercicios foron imprimidos, en presenza do Sr. Secretario, polas funcionarias que prestaron asistencia administrativa ó Tribunal na impresora do Servizo de RR.HH. do Concello inmediatamente antes do inicio da proba e custodiados por aquél ata a súa entrega ós aspirantes.

Constan en anexo a esa Acta nº 3 (en formato papel), orixinais do exercicio proposto coa plantilla de corrección, debidamente asinados por todos os membros do Órgano de selección.

III.13. Suliñaremos, ademais, que os tests dos aspirantes á praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS foron obxecto de dobre corrección e comprobación por parte dos membros dun Órgano de selección integrado por dous TAX – licenciados en

Dereito, dous Cabos dos respectivos SEIS dos Concellos de Vigo e Santiago de Compostela e un enxeñeiro técnico industrial. Os exercicios foron distribuídos de forma aleatoria entre eles e correxidos cada un por dous membros do Órgano, a fin de garantir a exactitude do resultado final.

III.14. Tal como se reseñou no Apdo. III.7 deste informe, no anuncio no que se publicaron os resultados do test (11.10.2016; 13:46h) concedeuuselhes ós aspirantes un prazo de tres (3) días hábiles para a presentación de alegacións. Durante ese prazo unicamente se formularon dúas, relativas a preguntas concretas do exame. D. Vicente Aparicio González presentou aquela alegación extemporánea referida, exclusivamente, á valoración dos seus méritos na fase de concurso, sen cuestionar nin él nin os seis restantes aspirantes presentados a forma “non anónima” de practicar o primeiro exercicio da oposición.

O test realizouse o 10.10.2016 e o seu cuestionamento formal por parte do Sr. Aparicio prodúcese o 16.11.2016; isto é, transcorrido máis dun (mes) desde aquela data, unha vez rematadas todas as probas selectivas (fase de concurso e fase de oposición), coñecidos os resultados finais (nos que o recorrente acadou a segunda mellor puntuación) e realizada polo Tribunal a correspondente proposta de nomeamento ó órgano resolutorio (Xunta de Goberno Local). Cabería, polo tanto, apreciar a extemporaneidade da impugnación dirixida contra o acto/resolución do Órgano de selección polo que se dispuxo a forma de realizar e corrixir o mencionado test; extremo este que, en calquera caso, non é obxecto da solicitude contida no recurso, limitada á impugnación dos méritos atribuídos na fase de concurso.

III.15. A STSX de Galicia do 21.09.2011 invogada de parte polo recorrente, máis alá da cita e reprodución parcial daquela STS do 19.01.2009 xa comentada, non achega ningún novo argumento ó debate. En efecto, no caso de autos, o TSXG desestima o RCA presentado por unha aspirante pola anulación do seu terceiro exercicio da oposición *“porque estampó su rúbrica al final de las hojas correspondientes a este ejercicio escrito”* (exercicio de tradución castelán-galego/galego-castelán). Neste caso, o Órgano de selección decidira estender a *“garantía de confidencialidade”*, xa prevista expresamente para os dous anteriores exercicios escritos, a ese terceiro exercicio da oposición; exercicio que debía realizarse tamén por escrito pero que non tiña que ser lído posteriormente perante o Tribunal, polo que esa garantía estaba plenamente xustificada.

Tal como indicabamos no Apdo. III.9 deste informe, naqueles exercicios nos que a puntuación dos membros do Órgano de selección poida verse influída, por pouco que sexa, consciente ou inconscientemente, polo coñecemento da identidades dos aspirantes, debería resultar obrigada a súa realización e corrección de forma anónima. Outra cousa son os exames tipo test, nos que o anonimato non garante a imparcialidade na corrección porque ésta limítase á aplicación dunha plantilla, de tal xeito que é indiferente que o Órgano de selección coñeza ou non os nomes dos aspirantes, xa que a súa decisión está absolutamente vinculada a esa plantilla de resultados, sen que poida beneficiar ou prexudicar a ninguén o feito de que se coñeza a autoría dos exercicios.

III.16. Con independencia do anterior, chama a atención que se esa *“garantía de anonimato”* fose, como se postula, unha esixencia absoluta (sen consideración ningunha do tipo de proba de que se trate nin da súa incidencia real no resultado) con tan graves consecuencias anulatorias e mesmo con relevancia constitucional, só veña

recollida nunha mera norma regulamentaria como é o RD.896/1991, de aplicación exclusiva á Admón. local e só complementaria, por certo, na selección dos funcionarios dos Corpos de Policía Local e de Bombeiros, que se rexerá por esa norma «*en canto non se opoña á súas normas específicas*» (Disp. Adic. 3ª RD.896/1991).

En efecto, no posterior RD.364/1995, do 10 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Admón. Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción profesional dos funcionarios civís da AXE, nada, absolutamente nada, se dí ó respecto.

Tampouco nada se establece sobre o anonimato destas probas selectivas na normativa galega sobre selección do persoal ó servizo da Admón. autonómica (D.95/1991, do 20 de marzo) nin na lexislación xeral sobre a función pública de Galicia (D.Lex.1/2008, L.2/2015...).

Non se comprende a razón de que se esa *garantía* ten un carácter tan fundamental só semellaría ter relevancia nos procedementos de selección do persoal ó servizo da Admón. local, de forma que o mesmo exercicio, con identificación dos aspirantes, sería teoricamente válido nun proceso selectivo na AXE ou na Admón. autonómica e inválido na Admón local.

III.17. Do mesmo xeito, resulta paradóxico que se pretenda anular o resultado dunha proba de valoración totalmente obxectiva como é un test correxido cunha plantilla única previamente elaborada e posteriormente publicada, na que a identificación dos aspirantes é irrelevante e só pretende garantir a exacta correspondencia dos exercicios cos seus autores e, en cambio, acéptase pacificamente que no segundo exercicio, onde sí pode existir un compoñente de subxectividade (consciente ou inconsciente) na valoración dos exames, non se esixa ese *anonimato*.

Podería argumentarse, como así se fai, por exemplo, na STSJ de Navarra do 27.07.1993 que neses casos a notoriedade da lectura pública «*asegura la imposibilidad de atribuir al aspirante méritos que no sean exhibidos por él mismo*». Pero do mesmo xeito e con maior fundamento poderíamos afirmar que a corrección obxectiva (sen valoración subxectiva posible) dun exame tipo test realizada naquelas condicións, isto é, axustada ás Bases e cunha plantilla previamente elaborada antes de coñecer a identidade dos aspirantes e o resultado da proba, garante plenamente a igualdade de oportunidades dos aspirantes, a actuación imparcial do Órgano de selección e a obxectividade das puntuacións outorgadas.

Nos exames tipo test non existe valoración subxectiva nin, polas súas propias características, é posible a atribución ó aspirante de *méritos que non sexan exhibidos por el mesmo*: as respostas ou son acertadas ou son incorrectas ou non son (preguntas non respostadas).

O certo é que, con esas garantías, o resultado dos tests dos aspirantes á praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS tería sido exactamente o mesmo que se fose realizado de forma anónima. Ó noso xuízo, isto é o verdadeiramente relevante da controversia.

Como acertadamente sinalaba o Tribunal Supremo naquela súa Sentencia do 31.01.2006 (FD 3º):

«...los efectos jurídicos de la comisión de posibles vicios formales en estos procedimientos dependen de la incidencia que razonablemente puedan tener sobre el fondo del asunto, pues no tiene sentido anular un acto para subsanar sus defectos formales si la decisión que después se va a tomar, va a coincidir con la primera resolución antes de ser anulada...».

Tamén o VALEDOR DO POBO concluíu naquela Recomendación antes citada (Exp. nº A.Q.4 13404/15) que, con ser preferible a realización anónima de todas as probas selectivas, sempre e cando sexa posible pola natureza e características do exercicio, no caso examinado (proba tipo test):

«...dado que o exame tipo test é corrixido de xeito automático en función dunha plantilla (e non ter opción a posibles rectificacions), non resulta invalidado pola consignación da identidade dos aspirantes ao non producirse indefensión dos interesados. Así, neste suposto, pode apreciarse unha irregularidade non invalidante».

III.18. A futuro, entendemos que esa Recomendación dirixida a “*garantir dunha forma máis completa e perfecta o anonimato dos participantes*” debería incorporarse expresamente ó texto das Bases que rexan os seguintes procesos selectivos nesta Admón., non limitándose a transcribir nun mero apartado de “*Incidencias*”, como sucede nas da OEP 2010-2011 (Base xeral Décimo sétima), a literalidade do Art. 4 pfo. 2ºc] do D.896/1991. Establecendo a obrigatoriedade da realización e corrección anónima das probas (agás a dos exercicios que deban ser obxecto de lectura pública) evitaríanse, como sucedeu e sucede na actualidade, a diversidade de criterios de actuación por parte dos Órganos de selección designados.

III.19. Polo que antecede, conclúese que sería conforme a Dereito a desestimación expresa do recurso de alzada obxecto deste informe. En todo caso, o órgano resolutorio (Xunta de Goberno Local) decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.

Tal é o informe xurídico que emito en cumprimento do previsto na LPACAP e na Base xeral Oitava (Apdo. 8.1) e que someto gustosamente a calquera outra opinión mellor fundada en Dereito».

En consecuencia, á vista do informado polo Secretario do Órgano de selección polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, formúlase á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

"PRIMEIRO: Desestimar expresamente o recurso de alzada formulado en data 16.11.2016 (Doc. nº 160154941) por D. Vicente Aparicio González (DNI nº 36.132.363-F) contra a realización do exame tipo test e a valoración de méritos realizada na fase de concurso do proceso selectivo para a provisión dunha praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (OEP 2010-2011) a teor do informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección de data 22.12.2016.

SEGUNDO: Notificar este acordo ó interesado con indicación de que contra a resolución dun recurso de alzada no caberá ningún outro recurso administrativo, a non ser o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP (Art. 122 LPACAP). Así mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15.- RECURSO DE ALZADA PRESENTADO POLAS SECCIÓNS SINDICAIS CIG E CCOO DO CONCELLO DE VIGO CONTRA A FORMA DE EXECUCIÓN DO SUPOSTO PRÁCTICO DAS PRAZAS DE CABO SEIS DA OEP 2010-2011. EXPTE.: 29302/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18/01/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Consta no Expediente de referencia informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección dun Cabo do SEIS do Concello de Vigo (OEP 2010 – 2011), asinado con data 22.12.2016, que é do seguinte teor literal:

«INFORME XURÍDICO

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Unha vez rematadas todas as probas previstas, o Órgano encargado de seleccionar mediante concurso – oposición a un CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (OEP 2010-2011) acordou por unanimidade, na súa sesión do 07.11.2016, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a seguinte proposta:

«Propoñer o nomeamento como funcionario en prácticas, unha vez que achegue toda a documentación esixida nas Bases e con cargo a unha praza vacante de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, enmarcada no grupo C2 de titulación; escala de Admón. especial; subescala servizos especiais; clase extinción de incendios; categoría, cabo, que figura incluída na Oferta de Emprego Público 2010-2011 do Concello de Vigo, ó aspirante nº 9, D. FRANCISCO JAVIER RIVERO ÁLVAREZ (DNI. 36.108.569-H), que foi o que acadou a maior puntuación de todos os presentados, obtendo un total de 23,00 puntos. Deberá superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración como máximo antes do seu nomeamento definitivo (Base específica VII)».

I.2. Foron de aplicación a este proceso selectivo as bases xerais da OEP 2010-2011 do Concello de Vigo aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 14.09.2012 (BOP nº 210, do 31.10.2012 e DOG nº 240, do 18.12.2012) e as específicas (2ª Fase), aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións do 05.12.2013 e 13.12.2013 e publicadas no DOG nº 245, do 24.12.2013 e no BOP nº 240, do 16.12.2013. Estaban dispoñibles na sede electrónica do Concello de Vigo no sitio: <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/oferta.jsp?id=27&lang=ga>

I.3. De acordo co disposto na Base xeral Oitava (Apdo. 8.4.1), «as resolucións do órgano de selección vinculan a Administración, sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder á súa revisión, conforme o previsto no artigo 102 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común» (hoxe, Arts. 106 e ss. L.39/2015). Contra as resolucións e actos do órgano de selección e os seus actos de trámite cualificados poderanse interpoñer os recursos que legalmente procedan en dereito.

I.4. Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro xeral municipal o 29.11.2016 (Doc. nº 160161750) interpúxose por parte das “seccións sindicais CIG e CC.OO. do Concello de Vigo” recurso de alzada dirixido ó Presidente do Tribunal de Cabo de Bombeiros contra a “resolución” relativa á “forma de execución da proba “suposto práctico” realizada aos aspirantes”, por entender que a mesma non se axusta a Dereito “porque non se respetaron as esixencias de información dos criterios de valoración aos aspirantes antes da realización do exercicio”. Solicítase que “se dicte resolución pola que se retrotraia o procedemento para a repetición da proba recurrida conforme os preceptos legais”.

I.5. A documentación completa deste proceso selectivo, tramitado co Exp. nº 28567/220, foi xa entregada ó Servizo de RR.HH. o 16.11.2016.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- RDlex.5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

- D.Lex.1/2008, do 13 de marzo, Texto Refundido da Lei da función pública Galicia.
- L.2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- D.896/1991, do 7 de xuño de 1991, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Admón. local.
- RD.364/1995, do 10 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Admón. Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción profesional dos funcionarios civís da AXE.
- Bases xerais OEP 2010-2011 do Concello de Vigo (Xunta de Goberno Local 14.09.2012; BOP nº 210, do 31.10.2012 e DOG nº 240, do 18.12.2012).
- Bases específicas – 2ª Fase (Xunta de Goberno Local 05.12.2013 e 13.12.2013; DOG nº 245, do 24.12.2013 e BOP nº 240, do 16.12.2013).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Prescribe o Art. 121 da LPACAP que as resolucións e actos a que se refire o seu Art. 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada perante o órgano superior xerárquico do que os ditou. Para estes efectos, os Tribunais e órganos de selección do personal ó servizo das Administracións Públicas consideraranse dependentes do órgano ó que estean adscritos ou, no seu defecto, do que nombrase ó seu Presidente. O recurso poderá interpoñerse perante o órgano que ditou o acto que se impugna ou perante o competente para resolvelo. No primeiro caso, o órgano que ditou o acto impugnado deberá remitilo ó competente no prazo de dez días, co seu informe e copia completa e ordenada do expediente.

III.2. O prazo para a interposición do recurso de alzada será dun (1) mes se o acto é expreso. Noutro caso, poderá interpoñerse en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres (3) meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderase entender desestimado, agás no suposto previsto no Art. 24.1 3º pfo. da LPACAP.

Contra a resolución dun recurso de alzada no caberá ningún outro recurso administrativo, a non ser o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP (Art. 122 LPACAP).

III.3. Segundo o disposto na Base xeral Oitava (Apdo. 8.1) das que rexeron o proceso selectivo, correspóndelles ós secretarios dos Órganos de selección as funcións de asesoramento legal, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos *«e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que se poidan presentar contra os actos e acordos do órgano de selección»*.

III.4. En virtude das Instrucción do concelleiro delegado da Área de Xestión municipal e Persoal do 01.12.2015 (XGL do 04.12.2015) e da Resolución do mesmo órgano do 26.08.2016 (BOP nº 239, do 11.12.2015 e BOP nº 167, do 01.09.2016), o TAX que asina foi nomeado secretario do Órgano para a selección e proposta de nomeamento como funcionario dun Cabo de Extinción de Incendios incluído na OEP 2010-2011 do Concello de Vigo (2ª Fase). Correspóndelle, polo tanto, a emisión do informe xurídico relativo ó recurso administrativo interposto.

III.5. O recurso de alzada presentado polas *“seccións sindicais CIG e CCOO do Concello de Vigo”* diríxese contra un acto do Órgano de selección como foi a práctica

da segunda proba da fase de oposición (suposto teórico-práctico), o 07.11.2016. O recurso estaría presentado en prazo e por suxeitos lexitimados para o efecto pero adolece dalgúns defectos formais que deberían ser subsanados (Arts. 115 e ccdtes. LPACAP): carece de indicación de lugar, data e enderezo de notificación e non consta a identidade dos seus autores nin a súa representación, figurando unicamente estampillados nel os respectivos selos daquelas dúas seccións sindicais e unhas sinaturas que non permiten verificar tales datos.

III.6. En aplicación do Art. 118.1 e 2 da LPACAP, existindo outros interesados, deberíaselles dar en todo caso traslado do recurso presentado para que nun prazo non inferior a 10 días nin superior a 15, poidan alegar o que estimen procedente.

III.7. Entrando no fondo do asunto, advírtese que toda a argumentación do recurso interposto consiste na reprodución parcial dunha Sentencia do Tribunal Supremo do 20.10.2014 na que se analiza un caso ben distinto do que nos ocupa:

«(FD 1º) Doña Guillerma concurrió al proceso selectivo convocado para proveer 384 plazas de la Escala Superior de Administración General del Cuerpo Superior de Administración (subgrupo A1) de la Generalidad de Cataluña y no superó el cuarto ejercicio de la primera prueba, consistente en un supuesto práctico. Los aspirantes debían contestar a siete preguntas respecto del mismo y diez eran los puntos con los que se calificaba. El tribunal calificador decidió que se distribuirían del siguiente modo: las dos primeras preguntas se valoraban con hasta 0.75 puntos cada una; la tercera y la cuarta con hasta dos puntos cada una; la quinta y la sexta con 1,25 puntos, cada una; y la séptima con hasta 1 punto mientras que, por la capacidad analítica, de síntesis y por la calidad en su expresión, se podía asignar hasta 1 punto. Esa distribución de la puntuación no fue puesta en conocimiento de los aspirantes antes de que se realizara el ejercicio y el debate suscitado en la instancia por la recurrente (...) se centró en si las bases de la convocatoria amparaban el proceder del tribunal calificador. Es decir, que valorase el cuarto ejercicio de la primera prueba sin haber informado a los aspirantes sobre la forma en que lo calificaría.»

La sentencia de instancia señala al respecto que el Decreto Legislativo 1/1997, de 31 de octubre, por el que se aprueba la refundición en un texto único de los preceptos de determinados textos legales vigentes en Cataluña en materia de función pública, recoge los principios afirmados por el artículo 103.1 de la Constitución. O sea, los de igualdad, mérito y capacidad de los aspirantes y de convocatoria pública. Y afirma que "no cabe duda de que la distinta valoración de unas preguntas sobre otras cuando no se conoce puede afectar al principio de transparencia (artículo 55 del EBEP) y de certeza en la actuación administrativa, dado que una dedicación mayor o menor a unas cuestiones sobre otras puede incidir en el resultado final, y esta cuestión no entra en el ámbito de la discrecionalidad técnica dado que no es la corrección la que está afectada sino la calificación que puede merecer cada pregunta. Cuestión distinta ésta que no es baladí y que puede plantear una posible vulneración del principio de igualdad en la corrección ligada a aquella falta de transparencia y de certeza en la puntuación otorgada a aquellas siete preguntas sobre un total de 10 puntos".

En consecuencia, la sentencia estima parcialmente el recurso contencioso-administrativo, declara nula la resolución recurrida y retrotrae las actuaciones al momento anterior a la realización del cuarto ejercicio de la primera prueba, "en la medida en que ninguno de los aspirantes tuvo conocimiento de los criterios de

calificación del citado 4º ejercicio en tanto que desconocían que algunas preguntas iban a ser valoradas con mayor puntuación que otras, información que por los motivos antes dichos este Tribunal considera esencial para cumplir con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad del 23.2 de la CE"».

III.8. Os recurrentes pretenden trasladar automaticamente os razonamentos e o fallo desa sentenza ó proceso selectivo levado a cabo neste Concello para a provisión, por promoción interna e mediante concurso-oposición, dunha praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS correspondente á OEP 2010-2011.

A seguir, tentaremos demostrar que a realización e corrección do 2º exercicio da fase de oposición (suposto teórico-práctico) axustouse plenamente ás Bases reitoras do proceso selectivo.

III.9. A Base xeral Décima (Apdo. 10.1 "Fase de Oposición") establece que:

«No exercicio práctico o órgano de selección poderá propoñer os casos prácticos que se sinalen nas bases específicas de cada convocatoria, sempre relacionados coas materias do temario específico, e con base neles, establecer a súa duración, sen prexuízo do que se poida establecer nas bases específicas (...) A solución dos casos prácticos, ou cando menos os criterios para a súa avaliación, deberán ser fixados polo órgano de selección antes de se iniciar o exame, e constar na correspondente acta».

Nas Bases específicas da praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS unicamente se prevé para a realización do segundo exercicio (teórico-práctico) da fase de oposición que:

«Desenvolverase por escrito, durante un periodo máximo dunha hora, e consistirá en desenvolver un suposto teórico-práctico proposto polo órgano de selección e relacionado coas funcións propias asignadas ao posto e que teña relación co temario específico da convocatoria. Concluída a lectura do exercicio o Tribunal poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna. Este exercicio cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos» (Base VI).

III.10. Así, tal como consta na Acta nº 5 do Órgano de selección, do 07.11.2016, unha vez debidamente constituído, fíxose previamente unha posta en común dos supostos prácticos achegados polos vogais titulares núm. 1 (Enxeñeiro técnico industrial – funcionario XMU), núm. 2 (Cabo SEIS Santiago de Compostela) e núm. 3 (Cabo SEIS Concello de Vigo) para o segundo exercicio da oposición, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Unha vez analizadas as súas achegas, os membros do Órgano de selección procederon a elaborar, con todas elas, o suposto teórico-práctico obxecto do exercicio ("Está vostede ó mando, como cabo, no Parque Auxiliar de Balaídos..."), que se considerou plenamente acaído á proba prevista nas Bases, así como unha Guía que contiña as pautas ou criterios técnicos que servirían para a posterior valoración e cualificación dos exercicios ("Guía para puntuación de Caso Practico").

Esta Guía achegouse integramente como Anexo da Acta e nela non se conteñen "puntuacións diferentes" por apartados ou "preguntas" do exercicio (como no caso examinado na STS invogada) senón, como esixían as Bases xerais, os criterios ou

pautas para a avaliación dunha proba práctica na que os aspirantes á praza de Cabo do Servizo de Extinción de Incendios debían desenvolver todas as actuacións propias do mando desde o inicio e ata o fin das mesmas, o que permitiría comprobar, tratándose dun proceso selectivo pola quenda de promoción interna, “o coñecemento da praza á que se aspira promocionar” (Base xeral Décimo segunda).

Entendemos que coa elaboración desa “Guía” o Tribunal cumpriu escrupulosamente coa obriga establecida nas Bases xerais de fixar os criterios de avaliación “antes de se iniciar o exame” e o seu Secretario coa de facelos constar expresamente na correspondente Acta.

Deste xeito, todos os aspirantes coñecían previamente, antes de realizar o exame, os criterios de cualificación do exercicio teórico-práctico, porque así o establecían as Bases aprobadas e publicadas («...de cero (0) a dez (10) puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos»; Base VI), que tamén lles garantían que os criterios de avaliación/corrección debían constar previamente á realización da proba, como así sucedeu.

III.11. Iniciada ás 09:30h e rematada ás 11:45h a preparación do exercicio teórico-práctico, procedeuse a confeccionalo, na mesma Aula da Policía Local, no formato que lles sería entregado ós aspirantes, contando para isto coa colaboración da funcionaria administrativa do Servizo de RR.HH. que asistiu nesa sesión ó Tribunal. As correspondentes copias en papel para os aspirantes e integrantes do Órgano de selección e a guía para a súa posterior corrección foron impresas no Servizo de RR.HH., en presenza do Sr. Secretario e do vogal nº 1, mediante descarga do pen-drive no que se gardou e que quedou en custodia do Sr. Secretario.

III.12. Debidamente convocados mediante anuncios publicados o 02.11.2016 no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Vigo e na web municipal, compareceron á hora indicada, 12:30h, os cinco (5) aspirantes que superaran a proba anterior e que foron identificados cos seus respectivos DNI.

Dadas as explicacións pertinentes sobre o contido e práctica desta segunda proba, concedéronse previamente cinco (5) minutos ós candidatos para a lectura do enunciado do exercicio e, de ser o caso, a aclaración de calquera tipo de dúbidas. Nin se formulou solicitude ningunha de aclaración sobre a proba nin tampouco ningún dos aspirantes pediu que nese momento se lle facilitase máis información sobre os criterios de corrección ou puntuación da que xa era pública e coñecida por figurar nas propias Bases.

A proba iniciouse ás 12:45h e finalizou, unha hora máis tarde, ás 13:45h, desenvolvéndose con total normalidade e sen que se producise incidencia ningunha.

De acordo co previsto na Base xeral Décima (Apdo. 10.1), unha vez finalizada, os aspirantes fixeron entrega do seus exercicios, introducíndoos en cinco (5) sobres individuais, identificados exteriormente cos seus nomes e DNI, pechados e asinados por eles. A seguir, introducíronse todos eles noutro máis grande que foi tamén pechado e asinado polos membros do Órgano en presenza dos cinco aspirantes, que tamén o asinaron, para a súa custodia polo Sr. Secretario e posterior apertura ó inicio da sesión na que se realizaría a lectura e corrección. Tal como se informara no anuncio publicado o 02.11.2016 (<https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/plaza.jsp?id=188&lang=ga>), a lectura pública deste segundo exercicio tivo lugar a partir das

16:30h do 07.11.2016 na mesma Aula da Policía Local, sendo a orde de actuación (lectura) dos aspirantes a resultante do sorteo público realizado o 10.10.2016.

Na súa presenza, abriuse o sobre que contiña os exames, que lles foron entregados pola súa orde. Iniciouse ás 16:35h a lectura dos exercicios co aspirante nº 9 e concluíu ás 17:20h coa do aspirante nº 3.

A seguir o Tribunal, xa a porta pechada, procedeu a analizar de forma exhaustiva, individual e conxuntamente, os exercicios, que foron revisados, comprobados e valorados. Logo desa valoración pormenorizada, na que se seguiron os criterios contidos na "Guía" previamente elaborada para estes efectos, o Órgano de selección outorgou as cualificacións, de 0 a 10 puntos (Base xeral VI), que se reflectiron nesta táboa:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUA- CIÓN
9	RIVERO ÁLVAREZ	FRANCISCO JA- VIER	36108569 H	8,375
1 2	SOUSA DÍAZ	BRUNO DE	36141763 T	5,375
1	APARICIO GONZALEZ	VICENTE	36132363 F	7,125
2	CABALEIRO NOVELLE	DANIEL	77000590 V	5,50
3	CABALEIRO NOVELLE	MIGUEL ÁNGEL	77000540J	5,50

III.13. Cómpre suliñar que ningunha reclamación ou queixa foi presentada por parte dos opositores antes, durante ou despois de realizar este exercicio práctico, nin sobre a forma de practicalo nin sobre a información previa facilitada polo Tribunal nin sobre as puntuacións outorgadas polo Órgano de selección a cada un deles nin sobre ningún outro extremo relacionado coa proba.

De feito, o seu cuestionamento formal prodúcese unicamente polas dúas seccións sindicais aludidas e non por ningún dos participantes no proceso selectivo (nin polo Comité de Persoal), transcorridos máis de vinte días desde a súa realización, unha vez rematadas todas as probas selectivas (fase de concurso e fase de oposición), coñecidos os resultados finais e realizada polo Tribunal a correspondente proposta de nomeamento ó órgano resolutorio (Xunta de Goberno Local).

III.14. Polo que antecede, conclúese que sería conforme a Dereito a desestimación expresa do recurso de alzada obxecto deste informe. En todo caso, o órgano resolutorio (Xunta de Goberno Local) decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.

Tal é o informe xurídico que emito en cumprimento do previsto na LPACAP e na Base xeral Oitava (Apdo. 8.1) e que someto gustosamente a calquera outra opinión mellor fundada en Dereito».

En consecuencia, á vista do informado polo Secretario do Órgano de selección polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, formúlase á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar expresamente o recurso de alzada formulado en data 29.11.2016 (Doc. nº 160161750) polas “seccións sindicais CIG e CC.OO. do Concello de Vigo” contra a “resolución” relativa á “forma de execución da proba “suposto práctico” realizada aos aspirantes” á praza de CABO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (OEP 2010-2011) a teor do informe xurídico do Secretario do Órgano de Selección de data 22.12.2016.

SEGUNDO: Notificar este acordo ós interesados con indicación de que contra a resolución dun recurso de alzada no caberá ningún outro recurso administrativo, a non ser o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP (Art. 122 LPACAP). Así mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(68).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE SEGURIDADE E MOBILIDADE DURANTE O SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2016. EXPTE. 99996/210.

Dáse conta da proposta de data 18/01/17, asinada polo concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31ª das de execución do orzamento en vigor, remítese para dar conta á Xunta de Goberno Local, relación de expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Seguridade e Mobilidade, no segundo semestre do ano 2016 e que son os seguintes:

Nº EXP-TE	DATA DECRE-TO	PARTIDA	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	RC	IMPORTE
98353/210	12/08/16	13302279900	SERVIZOS	Apoio loxístico coa instalación de caseta na illa de Toralla	ALGECO CONSTRUCCIONES MODULARES S.LU	81653	913,51 €
99014/210	17/10/16	13302100001	OBRAS	Construción de pasos sobreelevados en distintas rúas	COVSA	96374	25.228,50 €
99123/210	31/10/16	13302219900	SUBMINISTROS	Sinalización luminosa para dúas paradas de taxi	API MOVILIDAD	99121	3.760,12 €
99502/210	04/12/16	13302279905	SERVIZOS	Revisión extintores casa consistorial e rectorado	ATLANTICA DE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS S.L	120690	4.916,72 €
99677/210	22/12/17	13302100000	SERVIZOS	Sinalización vertical para reposición de sinais deterioradas no rural	API MOVILIDAD	127312	19.354,33 €
99679/210	22/12/17	13302219900	SUBMINISTROS	Sinalización para turborrotondas	API MOVILIDAD	127313	10.796,98 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

17(69).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA NO AUDITORIO MUNICIPAL, NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2017. EXPTE. 15501/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12/01/17 e o informe de fiscalización do 20/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 10/01/17, da xefa da oficina administrativa de Promoción Cultural, conformado polo xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da área de Cultura resolveu con data 10 de xaneiro de 2017 que polo servizo de Cultura e Bibliotecas se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda de entradas da programación do servizo de Cultura e Bibliotecas no Auditorio Municipal no primeiro semestre do ano 2017, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42.

Xa que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a citada ordenanza reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

A programación que se presenta no primeiro semestre do ano 2017 consta dun total de vinte e catro espectáculos, divididos en programación dirixida a público adulto (a realizar os venres) e programación dirixida a público familiar (a realizar os domingos).

A programación consta de 28 funcións. O importe total dos cachés é de 43.081,30 € (cachés desglosados na seguinte táboa); a este importe habería que engadirle os gastos estimados de produción técnica da programación (aprox. 8.000,00 €), o coste do servizo de venda de entradas (aprox. 8.000 €), o gasto en dereitos de autor (aprox. 3.000 €) e o importe do material gráfico de difusión da programación (2.503,79 €). o que daría un total de 21.500,00 €. O custe total da programación serían uns 64.000,00 € (redondeando en base aos costes de anos anteriores), dividido entre o número total máximo de espectadores posibles 6.795 (aforos desglosados na seguinte táboa), sería un prezo máximo por función de 9,42 €, polo que, en base á citada ordenanza, o prezo máximo de cada entrada non podería superar este prezo.

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos, establécense dos prezos para os espectáculos dirixidos a público adulto, de 5 e 8 €, en base a criterios artísticos e de marketing; e dous prezos para os espectáculos dirixidos a público familiar, de 3 e 5 €, baseándonos nos mesmos criterios.

Así pois, e en base aos criterios fixados polo servizo de Cultura e Bibliotecas da Área de Cultura, propóñense os seguintes prezos de venda de entradas para cada espectáculo:

DATA	HORA	COMPAÑÍA	CACHÉ	AFORO	PREZO PRO-POSTO
03/02	21	RADIO COS	2.178,00 €	285	8 €
05/02	21	REDRUM	1.306,80 €	285	5 €
10/02	21	ARTELLO	708,00 €	285	5 €
12/02	18	EXPRESIÓN	597,00 €	285	3 €
17/02	21	CHÉVERE	2.250,60 €	285	8 €
18/02	21	CHÉVERE	3.350,00 €	285	8 €
19/02	18	GALITON	1.089,00 €	285	5 €
24/02	21	BUTACAZERO	2.098,20 €	285	8 €
26/02	12, 16 y 18	FARRÉS BROTHERS	2.340,00 €	180	5 €
03/03	21	NINGURES	1.320,00 €	285	5 €
05/03	18	LIMIAR TEATRO	1.197,60 €	285	5 €
10/03	21	VOADORA	3.900,00 €	285	8 €
12/03	18	LAS TRICOTOUSES	885,00 €	285	5 €
17/03	21	ILMAQUINARIO	2.340,00 €	285	8 €
19/03	12 y 18	AVOAYOUJA	1.100,00 €	60	5 €
24/03	21	KULUNKA	3.484,80 €	285	8 €
26/03	18	GHAZAFELHOS	840,00 €	285	3 €
31/03	21	COMPAÑÍA CRIOLLA	2.468,40 €	285	8 €
02/04	18	LA CANICA	1.446,60 €	285	5 €
07/04	21	IBUPROFENO	1.161,60 €	285	5 €
09/04	18	PÉREZ&FERNÁNDEZ	900,00 €	285	5 €
21/04	21	PRODUCCIÓN TEATRÁIS EXCÉNTRICAS	3.049,20 €	285	8 €
23/04	18	ARTESTUDIO TEATRO	1.350,00 €	285	5 €
28/04	21	TRASPEDIANTE	450,00 €	285	5 €
30/04	18	OTRADANZA	1.270,50 €	285	5 €
TOTAL			43.081,30 €	6.795	

Ningún dos prezos propostos superan o custo calculado en base á ocupación total das localidades nas medias calculadas, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto, non sobrepasando en ningún dos casos o 30 % que establece a ordenanza.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de ticketea, no teléfono 902044226, na Central de Espectáculos e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houberse entradas disponibles).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Que se autoricen os prezos de venda de entradas da programación Vigocultura no Auditorio Municipal no primeiro semestre do ano 2017, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:

DATA	HORA	COMPAÑÍA	PREZO PROPOSTO
03/02	21	RADIO COS	8 €
05/02	21	REDRUM	5 €
10/02	21	ARTELLO	5 €
12/02	18	EXPRESIÓN	3 €
17/02	21	CHÉVERE	8 €
18/02	21	CHÉVERE	8 €
19/02	18	GALITON	5 €
24/02	21	BUTACAZERO	8 €
26/02	12, 16 y 18	FARRÉS BROTHERS	5 €
03/03	21	NINGURES	5 €
05/03	18	LIMIAR TEATRO	5 €
10/03	21	VOADORA	8 €
12/03	18	LAS TRICOTOUSES	5 €
17/03	21	ILMAQUINARIO	8 €
19/03	12 y 18	AVOAYOUJA	5 €
24/03	21	KULUNKA	8 €
26/03	18	GHAZAFELHOS	3 €
31/03	21	COMPAÑÍA CRIOLLA	8 €
02/04	18	LA CANICA	5 €
07/04	21	IBUPROFENO	5 €
09/04	18	PÉREZ&FERNÁNDEZ	5 €
21/04	21	PRODUCCIÓN TEATRÁIS EXCÉNTRICAS	8 €
23/04	18	ARTESTUDIO TEATRO	5 €
28/04	21	TRASPEDIANTE	5 €
30/04	18	OTRADANZA	5 €

Se establecen dous tipos de abonos á carta pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de ticketea, no teléfono 902044226, na Central de Espectáculos e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(70).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO Á FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PRA PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO 2017. EXPTE. 1788/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 19/01/17, do xefe do servizo de Museos municipais, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo secretario de Admón. Municipal, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 11 de xaneiro de 2017 a Presidenta da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo solicita a través do Rexistro Xeral o financiamento do Concello de Vigo por importe de 90.000 € para levar a cabo o seu programa de funcionamento relativo ao ano 2017, sin indicar calendario do pagamento das transferencias.

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2016 por importe de 90.000 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 22 de abril de 2016. Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de datas 16 de marzo e 20 de abril de 2016.

Dos informes do Servizo de Fiscalización, do pasado exercicio, fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2017:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións do sector Público estatal, definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2017 ten previsto financiarse nun 96,77 % polo Concello de Vigo (con independencia de que, neste caso, non se fai referencia á proporción da representación do Concello de Vigo ou Xunta de Galicia nos seus órganos de goberno e dirección, ou da capacidade destas Administracións Públicas de participar no nomeamento dos membros do Padroado).

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016, tamén aplicables a 2017, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo coa Lei 19/2013.

No seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación MARCO daquel exercicio, o Secretario da Administración Xeral dice no seu informe que “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

Con data 28 de novembro de 2016 o concelleiro-delegado da Área consulta ao Interventor Xeral do Concello sobre “se a tramitación e/ou resultados do control financeiro ou auditoría estipulados que se realizarán por parte dese Intervención Xeral condicionan o inicio da tramitación e/ou a aprobación do expediente de nova transferencia para o vindeiro exercicio, ou ben debemos esperar a que nos comuniquen os seus resultados”.

Con data 27 de decembro de 2016 o Interventor Xeral informa ao concelleiro-delegado da Área de Cultura que as transferencias de financiamento para o ano 2017 a favor da Fundación MARCO, Fundación Laxeiro e Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo “poderán ser tramitadas e levadas á proposta de aprobación da xunta de goberno local, independentemente e non condicionada polo posible resultado do control financeiro ou auditoría que realizará esta Intervención Xeral, e que se estipularon para as transferencias correspondentes ao exercicio 2016”.

As bases de execución do presuposto do exercicio de 2017 non establecen ningunha normativa á que deba suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Museos só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é a solicitada pola Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo; xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO.-

A Fundación promóvese polo Concello de Vigo e por D. Olimpio Liste Regueiro, en virtude do convenio que subscribiran as partes e aprobado polo Pleno da Corporación Municipal do Concello de Vigo, na súa sesión do 5 de outubro de 1998. A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, CIF G36855310, constitúese en escritura pública o 15 de xuño de 1999 na Casa do Concello de Vigo, diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 1.361.

Os Estatutos da Fundación establecen no seu artigo 21 as seguintes finalidades

a) A protección, promoción e defensa do patrimonio etnográfico, nos termos definidos na lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia (art 64 e concordantes) e na lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español (art 46 e concordantes).

- b) A creación e xestión do Museo Etnográfico Liste de Vigo, conforme á normativa reitora destas institucións;
- c) Desenvolver actividades de recuperación, investigación, formación, conservación e difusión do patrimonio etnográfico de Galicia.

Composición do Padroado da Fundación.-
Artigo 15. e 13 dos Estatutos da Fundación.

Presidente.- D. Olimpio Liste Regueiro, con carácter vitalicio. Co falecemento deste corresponden a Presidencia a súa esposa D^a Josefina Fernández Mosquera ou á súa filla D^a Araceli Liste Fernández ou ao fillo desta D. Atreo Francisco Lozano Liste. Se todos os citados faleceran ou tiveran imposibilidade legal de exercer a presidencia, recaería na persoa nomeada polo Concello de Vigo en Pleno.

Vicepresidente.- Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Secretario.- Será designado polo Presidente da Fundación, previa proposta pola maioría de dous terzos do Padroado.

Membros.-

- a) Dous membros representantes do Concello de Vigo.
- b) Dous membros designados por Olimpio Liste Regueiro (e no seu defecto polas persoas previstas nos Estatutos, art 13.1.b) e 15.2).
- c) Un representante da Xunta de Galicia, nomeado por esta institución.
- d) Unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito do obxecto da Fundación designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b).

Composición actual do Padroado da Fundación.-

Presidenta.- D^a Josefina Fernández Mosquera (de acordo co art. 15.1. dos Estatutos da Fundación).

Vicepresidente.- Alcalde do Concello de Vigo.

Secretario.- D. Manuel Corredera Hernández; que fora designado polo Presidente da Fundación, previa proposta pola maioría de dous terzos do Padroado.

Membros.-

- a) Dous membros representantes do Concello de Vigo: D. Cayetano Rodríguez Escudero, concelleiro-delegado da Área de Cultura e D. Rafael Vallejo Pousada.
- b) Dous membros designados por Olimpio Liste Regueiro (e no seu defecto polas persoas previstas nos Estatutos, art 13.1.b) e 15.2), con carácter vitalicio). D^a. Araceli Liste Fernández e D^a Victoria Vázquez López (que substitúe a D^a Josefina Fernández Mosquera que actualmente ostenta a Presidencia por falecemento de D. Olimpio Liste Regueiro).
- c) Un representante da Xunta de Galicia, nomeado por esta institución.
- d) Unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito do obxecto da Fundación designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b): actualmente D Enrique Ares Gómez.

Declaracións de interese cultural e interese galego.

A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, foi clasificada de interese cultural, por orde de 1 de setembro de 1999, da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG num 175, do 9 de xuño de 1999); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por orde de 18 de outubro de 1999 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG num 217, do 10 de novembro de 1999). Nesta última data a Fundación tamén quedou inscrita no Rexistro de Fundacións do Protectorado que, pola súa declaración de interese galego, lle corresponde á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

ORZAMENTO 2017 DA FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO.-

Na documentación achegada pola Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2017, que ascende a un total de 93.000,00 €.

Gastos.- A distribución dos gastos establécese nos seguintes grupos:

1. Gastos de persoal Fundación Liste: 76.498,14 € (82,26%)
2. Outros gastos (reparacións, conservación, servizos profesionais, seguros, servizos bancarios, subministros, comunicacións, outros): 14.594,30 € (15,69%)
3. Gastos financeiros e asimilados: 400,00 € (0,43%)
4. Gastos actividades didácticas e difusión: 1.507,56 € (1,62%)

Ingresos.- A previsión de ingresos provén de:

- Achega do Concello de Vigo: 90.000,00 € (96,77 %)
- Resultado de explotación do Museo: 2.500 € (2,69%)
- Resultado de explotación da actividade Mercantil de tenda: 500,00 € (0,54%)

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN LISTE MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO.

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por un convenio no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención; no caso da Fundación MARCO e da Fundación Laxeiro era o propio acordo de concesión o que establecía a regulación das condicións e obrigas. Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "*b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.*"

Como, actualmente, a achega municipal á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo vai resultar unha transferencia de financiamento, que controlará posteriormente a Intervención Xeral, cumpriría establecer unhas normas de colaboración (antes recollidas nas obrigas do acordo de concesión das subvencións nominativas) que permitan á Concellería-delegada da Área de Cultura seguir coñecendo o funcionamento do centro, as súas actividades e proxección; desta forma, con independencia dos controles financeiros e de fiscalización que realice a Intervención Xeral, concretaríase o cumprimento da competencia-delegada de xestionar a colaboración coa Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo; que fora promovida e fundada polo Concello de Vigo e D. Olimpio Liste Regueira, financiada pola administración municipal no seu funcionamento e actividade (ata o 96,77% en 2017), que se beneficia da cesión do uso dun edificio de titularidade municipal e que conta con representación municipal no seu Padroado.

Coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, tras os informes do Secretario da Administración xeral e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.- Transferir á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, CIF: G36855310, un importe de 90.000 € (noventa mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2017, de acordo co seguinte calendario:

- ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 30.000 € (33,33% do importe concedido).
- ◆ Unha segunda achega antes do 25 de maio de 2017, por importe de 30.000 € (33,33% do importe concedido).
- ◆ Unha terceira achega, antes do 25 de setembro de 2017, por importe de 30.000 € (33,33% do importe concedido).

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.00 "Aportación á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo", que figura no orzamento de 2017 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

SEGUNDO.-

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo (FUNDACIÓN LISTE), complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da FUNDACIÓN LISTE:

PRIMEIRA.-

As liñas xerais do programa da FUNDACIÓN consistirán, basicamente, na xestión do funcionamento do centro citado, e no desenvolvemento das súas actividades: exposición permanente, exposicións temporais, actividades didácticas, obradoiros, investigacións, xornadas, difusión, etc., así como calquera outra actividade derivada da finalidade da FUNDACIÓN prevista nos seus estatutos; detalladas no programa aprobado polo Padroado da FUNDACIÓN na súa sesión do 13 de decembro de 2016.

SEGUNDA.-

O presuposto xeral da FUNDACIÓN LISTE, aprobado polo seu Padroado con data 13 de decembro de 2016 ascende a 90.000 €, que a FUNDACIÓN LISTE financiará do seguinte xeito:

- 90.000 € (noventa mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3330.489.00.03 "Aportación á Fundación LISTE" do presuposto de 2017 do Concello de Vigo; que supoñen o 96,77 % do total do presuposto.
- Resultado de explotación do Museo: 2.500 € (2,69%)
- Resultado de explotación da actividade Mercantil de tenda: 500,00 € (0,54%)

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LISTE.

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola FUNDACIÓN LISTE, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación LISTE, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da FUNDACIÓN LISTE e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa FUNDACIÓN LISTE é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a FUNDACIÓN informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren

as referencias ao MUSEO LISTE (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura.

A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan subvencionables.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN LISTE.

A FUNDACIÓN LISTE achegará á concellería-delegada da Área de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN LISTE.-

- a) Informe trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da FUNDACIÓN LISTE, que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da FUNDACIÓN LISTE, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á FUNDACIÓN LISTE, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da FUNDACIÓN LISTE
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura, con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).

- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da FUNDACIÓN LISTE de cada exercicio, nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
- Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A FUNDACIÓN deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A FUNDACIÓN deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza

OITAVA.-

Ao tratarse a FUNDACIÓN LISTE de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP / 2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(71).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO Á FUNDACIÓN MARCO PARA O FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO 2017. EXPTE. 1786/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 19/01/17, do xefe do servizo de Museos municipais, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo secretario de Admón. Municipal, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 9 de xaneiro de 2017 o director da Fundación MARCO solicita a través do Rexistro Xeral a transferencia de financiamento para 2017 e que se aprobe o calendario de pagamentos e achegan a documentación correspondente.

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo) xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2016 por importe de 605.000 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 21 de marzo de 2016. Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de datas 11 de febreiro, 18 e 21 de marzo de 2016.

Dos informes do Servizo de Fiscalización, do pasado exercicio, fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2017:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións do sector Público estatal, definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación MARCO é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación MARCO reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2017 ten previsto financiarse nun 75,24 % polo Concello de Vigo (pola Xunta de Galicia nun 12,44% e polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte nun 4,36%); ademais que o Concello e as outras administracións posúen a práctica totalidade dos membros dos seus órganos de goberno e representación.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016, tamén aplicables a 2017, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación MARCO é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación MARCO debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo coa Lei 19/2013.

No seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación MARCO daquel exercicio, o Secretario da Administración Xeral dice no seu informe que “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

Con data 28 de novembro de 2016 o concelleiro-delegado da Área consulta ao Interventor Xeral do Concello sobre “se a tramitación e/ou resultados do control financeiro ou auditoría estipulados que se realizarán por parte dese Intervención Xeral condicionan o inicio da tramitación e/ou a aprobación do expediente de nova transferencia para o vindeiro exercicio, ou ben debemos esperar a que nos comuniquen os seus resultados”.

Con data 27 de decembro de 2016 o Interventor Xeral informa ao concelleiro-delegado da Área de Cultura que as transferencias de financiamento para o ano 2017 a favor da Fundación MARCO, Fundación Laxeiro e Fundación Liste “poderán ser tramitadas e levadas á proposta de aprobación da xunta de goberno local, independentemente e non condicionada polo posible resultado do control financeiro ou auditoría que realizará esta Intervención Xeral, e que se estipularon para as transferencias correspondentes ao exercicio 2016”.

As bases de execución do presuposto do exercicio de 2017 non establecen ningunha normativa á que deba suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Museos só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é a solicitada pola Fundación Marco; xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

FUNDACIÓN MARCO.-

O pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002 acordara participar na Fundación MARCO como entidade fundadora e achegarlle determinadas contías para financiamento de gastos derivados do seu funcionamento. Tamén acordou o Pleno aprobar os Estatutos da Fundación MARCO que no seu artigo 27 aborda o financiamento dos mesmos e as contías que aportan as catro entidades fundadoras. O apartado 4 do citado artigo 27 establece que a partir do ano 2004 reconsideraranse as achegas destas entidades en función do orzamento anual, debendo cubrir como mínimo o 75% dos gastos correntes orixinados polo funcionamento e as actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

A Fundación está dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporáneas, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a exposición e interpretación

educativa de obras de arte contemporánea, ao tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.

A Deputación provincial de Pontevedra, entidade cofundadora da Fundación Marco, con data 21 de decembro de 2011 dera por concluídos os compromisos adquiridos con diversas Fundación e Organismos, entre os que se incluía a Fundación Marco, deixando de pertencer como membro dos mesmos e de participar no seu financiamento cunha achega fixa anual, todo iso, sen prexuízo de que puidera colaborar con eles mediante achegas puntuais, segundo o permitan as necesidades económicas.

Novacaixagalicia (antes Caixanova, entidade cofundadora da Fundación Marco) comunicou á Fundación Marco, en escrito do 31 de xaneiro de 2012 a súa renuncia á posibilidade de seguir colaborando coa Fundación e rescindo o compromiso asumido, eximindo "á Caixa" da necesidade de realizar unha achega económica correspondente á súa cota patronal.

SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.-

A Fundación MARCO ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2017 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo:

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de 605.000,00 € presentada no Rexistro Xeral do 9 de xaneiro de 2017 xunto coa seguinte documentación:
 - Orzamento de ingresos e gastos do exercicio 2017.
 - Avance do programación para o exercicio económico de 2017.
 - Táboa co detalle do total mensual de visitantes en 2016.
 - Copia da certificación do acordo do Padroado da Fundación Marco sobre achegas das entidades patrocinadoras e orzamento do exercicio 2017, así como a aprobación de actividades para o exercicio 2017, adoptado na sesión realizada o 14 de decembro de 2016.

CERTIFICACIÓNS E DECLARACIÓNS.-

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación da Consellería de Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
- Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas de dereito público na vía de constrinximento, pendente do pagamento, co Concello de Vigo.

ORZAMENTO 2017 DA FUNDACIÓN MARCO.-

Na documentación achegada pola Fundación MARCO inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2017, que ascende a un total de 804.146,00 €. As achegas das entidades fundadoras e integradas no Padroado para o ano 2017 que detallan son as seguintes:

➤ Concello de Vigo	605.000,00 € (75,24%);
➤ Xunta de Galicia	100.000,00 € (12,44%);
➤ Ministerio de Cultura	35.000,00 € (4,35%);

➤ Ingresos Patrocinios	0,00 € (0%);
➤ Ingresos actividades propias	45.078,00 € (5,61%);
➤ Amigos MARCO	19.068,00 € (2,37%).

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

1. Persoal:	317.137,00 € (39,44%);
2. Gastos xerais (e extraordinarios):	301.639,00 € (37,51%);
3. Actividades (expos., didac., etc.):	159.370,00€ (19,82%);
4. Gastos financeiros:	2.500,00 € (0,31%);
5. Outros (Amortizacións):	24.000,00 € (2,98%).

A comparación entre a previsión de presuposto de orzamento de 2017 e a estimación do orzamento de 2016 presenta as seguintes variacións:

<u>GASTOS</u>	<u>Orzamento 2017</u>	<u>Orzamento 2016</u>
GASTOS	2017	2016
Persoal	317.137	306.460
Gastos Generales + Extraordinarios	301.639	305.361
Exposiciones	114.784	137.706
Actividades (Didactiva y Amigos sin ser gasto personal)	44.586	59.021
Gastos financeiros	2.000	2.500
Amortizacións	24.000	19.000
TOTAL GASTOS:	804.146	830.048

<u>INGRESOS</u>	<u>Orzamento 2017</u>	<u>Orzamento 2016</u>
Achegas do Padroado:		
Concello de Vigo	605.000	605.000
Xunta de Galicia	100.000	100.000
Ministerio de Cultura	35.000	35.000
ESOS:	740.000	740.000
Outros ingresos:		
Ingresos Patrocinios	-	32.500
Ingresos das actividades propias	45.078	42.548
Reservas	-	-
Amigos MARCO	19.068	15.000
	64.146	90.048
TOTAL INGRESOS:	804.146	830.048

VARIACIÓNS PORCENTAXES 2017-2016.-

Considerando as porcentaxes de participación das entidades e tipos de achegas, entre a previsión do orzamento total de 2017 e a estimación do orzamento total de 2016 (tomando os datos facilitados polo MARCO no mes de decembro), presenta as seguintes variacións:

INGRESOS.-

	<u>2017</u>	<u>2016</u>	<u>Dif. 2017-</u>
<u>2016</u>			
➤ Concello de Vigo	75,24%	72,89 %	+2,35%
➤ Xunta de Galicia	12,44%	12,05 %	+0,39%
➤ Ministerio de Cultura	4,35%	4,22 %	+0,13%
➤ Ingresos extraordinarios ou patroc.	0,00%	3,92 %	- 3,92%
➤ Ingresos activs. Propias	5,61%	5,13 %	+0,48
➤ Amigos MARCO	2,37%	1,81%	+0,56%

GASTOS.-

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

	<u>2017</u>	<u>2016</u>	<u>Dif. 2017-</u>
<u>2016</u>			
1. Persoal:	39,44 %	36,92%	+2,52%
2. Gastos xerais (e extraordinarios):	37,51%	36,79%	+0,72%
3. Actividades (expos., didac., etc.):	19,82%	23,70%	-3,88%
4. Gastos financeiros e asimilados:	0,31%	0,30%	+0,01%
5. Amortizacións:	2,98%	2,29%	+0,69%

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN MARCO

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por un convenio no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención; no caso da Fundación MARCO e da Fundación Laxeiro era o propio acordo de concesión o que establecía a regulación das condicións e obrigas. Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: “*b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.*”

Coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, tras os informes do Secretario da Administración xeral e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.- Transferir á Fundación MARCO, CIF: G36909885, un importe de 605.000,00 € (seiscentos cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2017, de acordo co seguinte calendario:

- ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 201.666,66 € (33,33% do importe concedido).
- ◆ Unha segunda achega antes do 25 de maio de 2017, por importe de 201.666,67 € (33,33% do importe concedido).
- ◆ Unha terceira achega, antes do 25 de setembro de 2017, por importe de 201.666,67 € (33,33% do importe concedido).

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.03 "Fundación MARCO", que figura no orzamento de 2017 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

SEGUNDO.-

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación MARCO, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da FUNDACIÓN MARCO:

PRIMEIRA.-

O pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002 acordara participar na Fundación MARCO como entidade fundadora e achegarlle determinadas contías para financiamento de gastos derivados do seu funcionamento. Tamén acordou o Pleno aprobar os Estatutos da Fundación MARCO que no seu artigo 27 aborda o financiamento dos mesmos e as contías que aportan as catro entidades fundadoras.

SEGUNDA.-

Na documentación achegada pola Fundación MARCO inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2017, que ascende a un total de 804.146,00 €. A previsión de ingresos quedará do seguinte xeito:

- Concello de Vigo 605.000,00 € (75,24%);
 - Xunta de Galicia 100.000,00 € (12,44%);
 - Ministerio de Cultura 35.000,00 € (4,35%);
 - Ingresos Patrocinios 0,00 € (0%);
 - Ingresos actividades propias 45.078,00 € (5,61%);
 - Amigos MARCO 19.068,00 € (2,37%).
-
- A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:
 - Persoal: 317.137,00 € (39,44%);
 - Gastos xerais (e extraordinarios): 301.639,00 € (37,51%);
 - Actividades (expos., didac., etc.): 159.370,00€ (19,82%);
 - Gastos financeiros: 2.500,00 € (0,31%);
 - Outros (Amortizacións): 24.000,00 € (2,98%).

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.-

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola FUNDACIÓN MARCO, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación MARCO, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da FUNDACIÓN MARCO e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa FUNDACIÓN MARCO é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a FUNDACIÓN informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao MARCO (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura.

A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan so-

metidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan subvencionables.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN MARCO.-

A FUNDACIÓN MARCO achegará á concellería-delegada da Área de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN MARCO AO CONCELLO.-

- a) Informes trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da FUNDACIÓN MARCO; que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da FUNDACIÓN MARCO, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á FUNDACIÓN MARCO, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da FUNDACIÓN MARCO
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura, con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da FUNDACIÓN MARCO de cada exercicio, nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A FUNDACIÓN deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A FUNDACIÓN deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

OITAVA.-

Ao tratarse a FUNDACIÓN MARCO de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP / 2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(72).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTA COERCITIVA POR EXECUCIÓN FORZOSA. EXPTE. 9522/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 29/01/17, asinado pola técnica de tesourería de Xestión de Ingresos e o xerente, ambos da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

O 25 de xaneiro de 2013 impúxose unha multa coercitiva a D. José Ramón Rodríguez Rodríguez, como medio de execución forzosa ante o incumprimento reiterado da orde de execución relativa a edificación da súa propiedade situada na rúa Sanjurjo Badía 164 (exp. 133/435). Dita multa non foi ingresada no período voluntario, polo que debe pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello".

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada da multa coercitiva de 2.000,00 euros imposta a don José Ramón Rodríguez Rodríguez (NIF 53172100X) o 25 de xaneiro de 2013 no expediente de execución forzosa nº 133/435, que se remite ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

21(73).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez